



SESION ORDINARIA DE 29 DE NOVIEMBRE DE 2022

(Acta número 12)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón
D^a. M^a. del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D^a. Mayra García Bermúdez
D. Roberto Fernández Rico
D. Xosé M^a. Arias Fernández
D. José Luis Raposo Magdalena
D. Efrén Castro Caloto
D. Javier Jorge Castiñeira
D. Roberto García Pernas
D^a. Dolores Castro Ochoa
D. José Jesús Novo Martínez
D^a. María Loureiro García
D. Oscar Poy Franco
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Ángel Santos Sánchez
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
D^a. Ana M^a. González Abelleira
D. José Manuel Gómez Puente
D. José Fernández Vázquez
D. Xosé María Teixido Núñez

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do día **vinde e nove de novembro de dous mil vinde e dous**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnen os señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto.

Actúa de Secretario o titular da Corporación D. José Antonio Mourelle Cillero; e asiste a Interventora dona Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten a señora deputada dona Mónica Freire Rancaño, e o señor deputado D. Pablo Taboada Camoira.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	1/69



Antes de dar comezo á sesión por parte do Sr. Presidente proponse gardar un minuto de silencio por Cristina Cabo Buján, asasinada cruelmente na súa casa; unha comerciante do barrio da Milagrosa, unha muller comprometida coa igualdade que colaboraba coa plataforma feminista de Lugo, e trasladarlle á familia o pésame de toda a Corporación. E téndose aprobado por tódolos Grupos Políticos os señores/as deputados/as e o público asistente, postos en pé, gardan un minuto de silencio.

Unha vez rematado o minuto de silencio, continúaase a sesión plenaria co punto número un da Orde do Día.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E CINCO DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e cinco de outubro de dous mil vinte e dous e, ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos presentes.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20221129&punto=1>

PARTE RESOLUTIVA

COMISIÓN DE ASUNTOS DO PLENO

2.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL POLO DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER.

Por parte do Presidente indícase que hai unha proposta de Declaración Institucional asinada polos Voceiros dos tres Grupos Provinciais, D^a. Pilar García Porto polo Grupo Provincial Socialista, Don Efrén Castro Caloto polo BNG; e D. Javier Jorge Castiñeira polo Grupo Provincial do Partido Popular, á que da lectura seguidamente:

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	2/69





Declaración Institucional polo Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller.

Co motivo da conmemoración, o vindeiro 25 de novembro, do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, a Deputación de Lugo quere renovar o seu firme compromiso na loita contra os asasinatos e agresións machistas. E expresar o convencemento na necesidade de seguir desenvolvendo políticas educativas de fomento da igualdade que contribúan a erradicar de xeito definitivo os elementos estruturais que as perpetúan no tempo.

As cifras miden as dimensións desta lacra social. Dende o ano 2003, 1.165 mulleres e 47 nenos e nenos foron asasinados; dende 2009 foron presentadas máis de 2 millóns de denuncias por violencia de xénero e ditadas máis de medio millón de ordes de protección; máis do 34% das mulleres recoñecen ter sido vítimas da violencia por parte da súa parella ou ex parella. É vemos como están a medrar os actos de violencia vicaria que converten ós nenos/as en vítimas dun razoamento perverso, que quere aniquilar a vida da muller atentando contra os fillos/as.

A pesares diso, o 47% das vítimas decidiron non denunciar e non acudiron ós servizos públicos de axuda. Non podemos resignarnos a vivir nun país no que se mantén como endémica unha violencia que socava os piares da democracia e condiciona a vida da metade dos membros da poboación. Precisamos manter os compromisos recollidos no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, un acordo pioneiro co que España sitúase na vangarda da loita contra a violencia de xénero.

Por desgracia, mesmo en democracia e en tempos que consideramos de normalidade, as mulleres seguen a ser vítimas dunha violencia específica, selectiva so polo feito de ser mulleres. Unha violencia que, como ten dito a Organización de Nacións Unidas, constitúe unha vulneración dos dereitos humanos que acada proporcións de pandemia.

Non podemos permanecer impasibles ante este feito. Cumpre rexeitar as posturas ideolóxicas que lle negan a esta violencia o seu nome, como primeiro paso perverso para negar a existencia do problema, e facilitar o camiño para perpetualo. Non cabe ser tolerantes cas posturas

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	3/69	

negacionistas, e cumpre prestar especial atención tamén ás novas formas de violencia que xorden nas redes sociais e nas plataformas de internet, berce tantas veces dun novo machismo dixital.

Contra a violencia de xénero lóitase dende os servizos públicos. Forzas de Seguridade, persoal de Sanidade, persoal da administración de Xustiza, equipos de apoio... todos eles forman o escudo de protección, asesoramento e axuda que as mulleres precisan para afrontar esta ameaza e que debe seguir reforzándose para ofrecer unha atención especializada e próxima ás vítimas.

Queremos compartir hoxe, como os 365 días do ano, a dor das mulleres que sofren violencia, dos seus fillos e fillas, familiares e amigos, e queremos facerlles chegar o noso apoio e o noso compromiso de non deixalas soas. Levamos anos loitando contra esta violencia, educando ós menores, empoderando ás mulleres, e adecuando o noso ordenamento xurídico para dar resposta a un tipo de agresións que non poden ter cabida na nosa sociedade. Temos moito avanzado, pero sabemos que este tipo de comportamentos perversos amosan unha grande capacidade de adaptación.

Neste camiño, dende a Deputación de Lugo seguimos insistindo na necesidade de que o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero contemple medidas eficaces de loita contra as especificidades da Violencia de Xénero no eido rural, onde factores como o envellecemento da poboación, o pequeno tamaño dos núcleos de poboación ou a dificultade de acceso ós servizos públicos, se converten en factores que agravan a situación das mulleres.

A Deputación de Lugo reafirma o seu compromiso na loita contra a violencia machista e coa igualdade efectiva entre mulleres e homes. O obxectivo non pode ser outro que a violencia cero, porque contar cun país libre de violencia de xénero é unha obriga democrática fundamental para garantir os dereitos básicos da cidadanía e liberdade das mulleres”.

A Declaración Institucional anteriormente transcrita é aprobada por aclamación.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20221129&punto=2>

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	4/69





PARTE RESOLUTIVA

COMISIÓN DE ASUNTOS DO PLENO

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONSULTA PÚBLICA PREVIA NO PROCEDEMENTO DE ELABORACIÓN DO REGULAMENTO PROVINCIAL DA LICENZA DE USO DA MARCA “RESERVA DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO”.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Tras ver a proposta do deputado delegado da Área de Medio Ambiente, a teor do seguinte texto:

ANTECEDENTES

1. Marco legal das Reservas da Biosfera

As Reservas da Biosfera son territorios cuxo obxectivo é harmonizar a conservación da diversidade biolóxica e cultural e o desenvolvemento económico e social a través da relación das persoas coa natureza. Establécense sobre zonas ecoloxicamente representativas ou de valor único, nas cales a integración da poboación humana e as súas actividades coa conservación son esenciais. Son declaradas pola UNESCO a nivel mundial ao abeiro do Programa Persoa e Biosfera (MaB). No ano 2022, a Rede Mundial de Reservas da Biosfera acadou un total de 738 reservas repartidas por 134 países, incluíndo 22 transfronteirizas. A folla de ruta destes espazos a nivel internacional está marcada polo Plan de Acción de Lima para o Programa MaB da UNESCO e a súa Rede Mundial (2016-2025).

A nivel nacional, a Rede Española de Reservas da Biosfera, inclúe en 2022 un total de 53 Reservas da Biosfera repartidas en 16 Comunidades Autónomas. Dita Rede adaptou o Plan de Acción de Lima á realidade do noso país, definindo á súa vez as accións e os obxectivos de aplicación en España, a través do Plan de Acción de Ordesa-Viñamala (2017-2025).

Destas, 7 delas pertencen á Rede de Reservas da Biosfera de Galicia: Terras do Miño (2002); Área de Allariz (2005); Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4		Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4		Página	5/69	

(2006); Río Eo, Ocos e Terras de Burón (2007), Gêres-Xurés (2009), Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo (2013); Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel (2021).

As Reservas da Biosfera, atópanse recoñecidas e protexidas tanto na lexislación nacional como autonómica, a través Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade e da Lei 5/2019, de 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, respectivamente.

2. O Programa Persoa e Biosfera (MaB) en España e a marca “Reservas de la Biosfera Españolas”

O Real Decreto 342/2007, do 9 de marzo, polo que se regula o desenvolvemento das funcións do Programa MaB, así como do Comité Español do citado programa, no Organismo Autónomo Parques Nacionales, e o Real Decreto 387/2013, do 31 de maio, que o modificou, identifican ao Organismo Autónomo Parques Nacionales (OAPN) como o organismo público encargado de coordinar o desenvolvemento do Programa MaB da UNESCO en España. Entre as súas funcións, correspóndelle promover e coordinar as actividades que constitúen a contribución española ao Programa Internacional sobre Persoa e Biosfera (MaB), no ámbito da conservación do patrimonio natural, o desenvolvemento sostible, da formación e, en particular, da promoción do concepto de Reserva da Biosfera.

Co obxectivo fundamental de impulsar e coordinar a promoción do concepto de Reserva da Biosfera, o Organismo Autónomo Parques Nacionales, coa conformidade do Consello de Xestores do Comité Español do Programa MaB, creou a marca “Reservas de la Biosfera Españolas”. Esta marca debe destacar e diferenciar determinados produtos agroalimentarios, artesanais non agroalimentarios e servizos turísticos dos territorios recoñecidos como Reservas da Biosfera e dos municipios que pertencen ás mesmas, que contribúan a cumprir coas súas funcións básicas de conservación, desenvolvemento sostible e apoio loxístico das mesmas, sempre de acordo co plan de xestión da Reserva correspondente, respectando así as singularidades de cada unha delas.

O Real Decreto 599/2016, do 5 de decembro, polo que se regula a licenza de uso da marca “Reservas de la Biosfera Españolas”, establece unha serie de criterios que regulan as normas e requisitos para a concesión, mantemento e extinción da licenza de uso de dita marca. Deste xeito, establece os mínimos que deben cumprir as marcas propias de cada Reserva da Biosfera da Rede Española de RRBB se desexan solicitar a marca nacional.

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	6/69





De feito, segundo este regulamento, para que un produto ou servizo dunha Reserva da Biosfera declarada en España, poida optar ao uso da marca "Reservas de la Biosfera Españolas", é preciso que a propia Reserva da Biosfera conte con:

- Un órgano de xestión funcional.
- Un plan de xestión en vigor.
- Un sistema de marca rexistrada propia para produtos e servizos turísticos.

Por outra banda, a Rede Española de Reservas da Biosfera dispón do Plan de Acción de Ordesa-Viñamala PAOV (2017-2025), que inclúe os obxectivos, accións, resultados e entidades responsables da implementación de cada unha das accións, xunto co seu ámbito temporal e indicadores de cumprimento.

A Área de Acción Estratéxica C do PAOV, relativa ás relacións externas eficaces e financiación suficiente e sostible para o Programa MaB e a Rede Mundial de Reservas da Biosfera, inclúe o obxectivo C7 "Recoñecemento internacional e nacional das RRBB".

Dito obxectivo C7 desenvólvese en varias accións concretas, entre as que se atopa a acción C7.3.1 "Fomentar a creación das marcas de cada RB", que se avalía a través de 2 indicadores:

- Indicador 145. RRBB con marcas propias
- Indicador 146. Nº de empresas rexistradas

Sendo as entidades responsables de cumprir este obxectivo, as propias RRBB e autoridades competentes.

Por todo o anteriormente exposto, a Reserva da Biosfera Terras do Miño promove o cumprimento da acción C7.3.1 do Plan de Acción de Ordesa-Viñamala co desenvolvemento da marca propia da Reserva.

3. A Reserva da Biosfera Terras do Miño

A Reserva da Biosfera Terras do Miño foi declarada o 16 de decembro de 2002 pola UNESCO ao abeiro do Programa Persoa e Biosfera (Programa MaB), que este ano celebra o seu 50 Aniversario. Inclúe territorios de 26 municipios da provincia de Lugo: Abadín, Alfoz, Baralla, Begonte, Castro de Rei, Castroverde, O Corgo, Cospeito, Friol, Guitiriz, Guntín, Láncara, Lugo, Meira, Mondoñedo, Muras, Ourel, Outeiro de Rei, O Páramo, A Pastoriza, Pol, Rábade, Riotorto, O Valadouro, Vilalba e Xermade.

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	7/69	

O Órgano de Xestión da Reserva da Biosfera Terras do Miño é un órgano especial da administración sen personalidade xurídica propia, para a xestión da Reserva, que está integrado na Deputación Provincial de Lugo, segundo o seu Regulamento publicado no BOP nº 76 do 04.04.2011. Este órgano de xestión está á súa vez composto polo Órgano Reitor (órgano de goberno e xestión da Reserva) e o Órgano de Participación (órgano consultivo).

Por outra banda, a Reserva da Biosfera conta co seu Plan de Acción (2013-2023), informado favorablemente polo seu Órgano de Participación e aprobado polo seu Órgano Reitor nas reunións celebradas o 19.12.2013, que define para o territorio un novo modelo de desenvolvemento que harmoniza os diversos sectores de actividades socioeconómicas co desenvolvemento das poboacións locais e a conservación do patrimonio natural e a biodiversidade, integrándose co resto de políticas sectoriais.

Entre as 9 Liñas de Acción establecidas no referido Plan de Acción, inclúese a liña “E. Manufacturas locais e produtos de calidade”, na que se destaca que o fomento de producións e servizos de calidade está considerado como un dos elementos con maior grao de dinamización e diversificación económica, consolidación do tecido produtivo local e fixación de poboación rural. Así o recoñecen o Programa MaB, o Plan de Acción dos Espazos Naturais protexidos do Estado Español e a Política Agraria Común en diferentes plans, estratexias e programas financeiros.

Por esta razón, na liña de acción E do referido Plan inclúense dúas accións principais: a primeira a promoción e mantemento de certos oficios artesanais e de producións tradicionais, conservando e consolidando estas actividades. A segunda contempla o fomento de produtos de calidade mediante a adscrición a distincións de calidade e excelencia da produción e comercialización de artigos e servizos locais.

4. A necesidade dun regulamento que recolla os requisitos de uso do distintivo “Reserva da Biosfera Terras do Miño”

En diversas reunións tanto do Órgano de Participación como Reitor, mostrouse un grande interese por parte dos sectores implicados en distinguir os produtos e servizo turísticos deste territorio cun distintivo da Reserva da Biosfera Terras do Miño, como xa están facendo noutras reservas a nivel nacional, requisito esencial para poder solicitar o uso da marca “Reservas de la Biosfera Españolas”.

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	8/69





Por outra banda, o Plan de Acción de Ordesa-Viñamala PAOV (2017-2025) aplicable a todas as Reservas da Biosfera españolas, contempla a acción C7.3.1 “Fomentar a creación das marcas de cada RB”, polo que contribuíríase ao cumprimento da referida acción e do propio Plan de Acción.

Por todo o anteriormente exposto, unha vez rexistrada na Oficina Española de Patentes y Marcas (OEPM) a marca figurativa “Reserva da Biosfera Terras do Miño” (M4050482), é necesario aprobar un regulamento que recolla os requisitos que deben cumprir os produtos e servizos turísticos que se elaboren ou desenvolvan neste territorio para obter a licenza de uso da marca “Reserva da Biosfera Terras do Miño” e así, á súa vez, poidan optar á marca “Reservas de la Biosfera Españolas”.

5. Directrices sobre a consulta pública previa no procedemento de elaboración das ordenanzas e regulamento provinciais da Deputación provincial de Lugo

Con data 13 de xaneiro de 2017 publicouse no Boletín Oficial da Provincia o acordo plenario da Deputación de Lugo de data 29 de novembro de 2016, polo que se aproban as “Directrices sobre a consulta pública previa no procedemento de elaboración das ordenanzas e regulamento provinciais da Deputación provincial de Lugo”.

No artigo 1.2 das Directrices establécese que *“con carácter previo á redacción do texto dunha ordenanza ou regulamento provincial, formularase unha consulta pública a través do portal web <http://portaltransparencia.deputacionlugo.org/> na que se solicitará a opinión da cidadanía e das organizacións mais representativas potencialmente afectadas pola futura ordenanza ou regulamento, nos termos establecidos no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas”*.

O artigo 4 “Contido da consulta pública previa” das Directrices establece que:

“4.1. A proposta conxunta, para o sometemento a consulta previa da iniciativa normativa, conterá como mínimo os seguintes puntos:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.*
- b) As posibles solucións alternativas regulamentarias e non regulamentarias.*
- c) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.*
- d) Os obxectivos da norma.*

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	9/69	

4.2. Co obxecto de que os destinatarios da futura norma podan manifestarse sobre os aspectos sinalados no parágrafo anterior, a proposta conterá unha descrición clara e concisa dos mesmos, na que se incluírá toda a información e documentación precisa. Así mesmo, a proposta poderá engadir calquera outra información que se considere relevante para a consulta.

4.3. O contido da consulta pública previa deberá formar parte do expediente que se remita ao Pleno na que se pretenda solicitar a consulta para a iniciativa normativa.”

Segundo o artigo 2.1. das Directrices, a dita consulta pública “será esixible con carácter previo á redacción do texto dos proxectos de ordenanzas e regulamentos provinciais”, como ocorre neste caso no que se pretende a aprobación do Regulamento Provincial das Hortas Urbanas Ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

Segundo o artigo 5 “Prazo e destinatarios” das Directrices:

“5.1. O prazo para a consulta pública de cada iniciativa será dun máximo de 15 días naturais, podendo ser acordado polo Pleno un prazo superior.

5.2. Con carácter xeral os destinatarios da consulta pública serán persoas físicas maiores de 16 anos empadroadas nalgún dos municipios da Provincial de Lugo, así como as organizacións e asociacións legalmente constituídas que puidesen resultar potencialmente afectadas pola futura norma.

5.3. Excepcionalmente a proposta poderá recoller a necesidade motivada de que o criterio establecido no parágrafo anterior poda ser ampliado ou restrinxido. Corresponderá ao Pleno resolver se procede a excepción e, en consecuencia, a aplicación dun criterio distinto ao xeralmente establecido para a realización das consultas previas.”

Por último, sinalar que o artigo 3 “Competencias” das Directrices di que “corresponderá ao Pleno, a proposta conxunta do deputado delegado da Área de Innovación, Participación cidadá, Mocidade e Deportes, e do deputado delegado da Área de Goberno competente por razón da materia, acordar o sometemento a consulta pública das ordenanzas e regulamentos provinciais.”

PROPOSTA DE CONTIDO DA CONSULTA PÚBLICA PREVIA

1. Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	10/69





O obxecto deste regulamento é poder aportar unha normativa que recolla os requisitos que deben cumprir os produtos agroalimentarios, artesanais non agroalimentarios e servizos turísticos que se elaboren ou desenvolvan neste territorio para obter a licenza de uso da marca “Reserva da Biosfera Terras do Miño” e así, á súa vez, poidan optar á marca “Reservas de la Biosfera Españolas”.

Por outra banda, o Plan de Acción de Ordesa-Viñamala PAOV (2017-2025) aplicable a todas as Reservas da Biosfera españolas, contempla a acción C7.3.1 “Fomentar a creación das marcas de cada RB”, polo que contribuiríase ao cumprimento da referida acción e do propio Plan de Acción.

2. As posibles solucións alternativas regulamentarias e non regulamentarias

A Deputación de Lugo, entidade que integra o órgano de xestión da reserva da Biosfera Terras do Miño (sen personalidade xurídica propia), rexistrou na Oficina Española de Patentes y Marcas (OEPM) a marca figurativa “Reserva da Biosfera Terras do Miño” (expediente M4050482), en 21 clases da denominada Clasificación de Niza, que inclúe as clases relativas a produtos agroalimentarios, artesanais non agroalimentarios e servizos turísticos.

Esta marca figurativa “Reserva da Biosfera Terras do Miño”, composta polo nome e polo logotipo, figura inscrita no Inventario Xeral de Bens e Dereitos desta Deputación Provincial, no epígrafe IV, folio 6.

Por todo o anteriormente exposto, é necesario contar cun regulamento que defina o procedemento para conferir licenzas de uso da marca formada pola denominación “Reserva da Biosfera Terras do Miño” e o seu logotipo, titularidade da Deputación Provincial de Lugo e rexistrado na Oficina Española de Patentes y Marcas (OEPM) baixo o rexistro nº M4050482, co obxectivo de fomentar o desenvolvemento sostible do territorio da Reserva da Biosfera Terras do Miño e destacar e diferenciar os seus produtos agroalimentarios, produtos artesanais non agroalimentarios e servizos turísticos, fomentando a súa difusión e comercialización, así como para poder optar á marca nacional “Reservas da Biosfera Españolas”.

3. A necesidade e oportunidade da súa aprobación

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	11/69	

A aprobación deste Regulamento ven motivado pola necesidade das persoas físicas ou xurídicas que desenvolva a súa actividade nalgún dos concellos pertencentes á Reserva da Biosfera Terras do Miño de contar cunha licenza de uso da marca "Reserva da Biosfera Terras do Miño" para poder distinguir os seus produtos agroalimentarios, artesanais non agroalimentarios e servizos turísticos, sempre que contribúan a unha ou máis das funcións básicas que deben cumprir as Reservas da Biosfera (conservación, desenvolvemento e apoio loxístico), así como que estean de acordo co plan de xestión da Reserva da Biosfera Terras do Miño.

Ademais, segundo o Real Decreto 599/2016, do 5 de decembro, polo que se regula a licenza de uso da marca "Reservas de la Biosfera Españolas" (que establece unha serie de criterios que regulan as normas e requisitos para a concesión, mantemento e extinción da licenza de uso de dita marca), para que un produto ou servizo dunha Reserva da Biosfera declarada en España, poida optar ao uso da marca "Reservas de la Biosfera Españolas", é preciso que a propia Reserva da Biosfera conte con:

- Un órgano de xestión funcional.
- Un plan de xestión en vigor.
- Un sistema de marca rexistrada propia para produtos e servizos turísticos.

Polo tanto, para que calquera produto (agroalimentario ou artesanal non agroalimentario) ou servizo turístico do territorio da Reserva da Biosfera Terras do Miño, poida ter unha licenza de uso da marca "Reservas da Biosfera españolas", é preciso que esta reserva conte cun sistema de marca rexistrada propia para produtos e servizos turísticos.

Por outra banda, o Plan de Acción de Ordesa-Viñamala PAOV (2017-2025) aplicable a todas as Reservas da Biosfera españolas, contempla a acción C7.3.1 "Fomentar a creación das marcas de cada RB", polo que contribuíriase ao cumprimento da referida acción e do propio Plan de Acción.

4. Os obxectivos da norma

Esta iniciativa pretende conseguir os seguintes obxectivos:

1. Regular o procedemento para conferir licenzas de uso da marca figurativa formada pola denominación "Reserva da Biosfera Terras do Miño" e o seu logotipo, titularidade da Deputación Provincial de Lugo e rexistrado na Oficina Española de Patentes y Marcas (OEPM) baixo o rexistro nº M4050482.

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	12/69





2. Destacar e diferenciar os produtos agroalimentarios, produtos artesanais non agroalimentarios e servizos turísticos desta Reserva da Biosfera, fomentando a súa difusión e comercialización.
3. Promover a dinamización e diversificación da economía do territorio declarado como Reserva da Biosfera Terras do Miño, consolidando o seu tecido produtivo local e fixando poboación no medio rural.
4. Dar cumprimento á liña “E. Manufacturas locais e produtos de calidade” do Plan de Acción da Reserva da Biosfera Terras do Miño.
5. Dar cumprimento a acción C7.3.1 “Fomentar a creación das marcas de cada RB” do Plan de Acción de Ordesa-Viñamala PAOV (2017-2025) aplicable a todas as Reservas da Biosfera españolas.
6. Permitir que os produtos agroalimentarios, produtos artesanais non agroalimentarios e servizos turísticos desta Reserva da Biosfera poidan conseguir, se así o solicitan, a licencia de uso da marca “Reservas de la Biosfera Españolas”.

O día 4 de novembro de 2022, o Servizo de Medio Ambiente desta Deputación emitiu informe favorable acerca da consulta previa a realizar no procedemento de elaboración do Regulamento provincial da licencia de uso da marca “Reserva da Biosfera Terras do Miño”.

En base a todo o anteriormente exposto, **proponse** que polo Pleno da Excm. Deputación Provincial de Lugo se adopten os seguintes acordos:

1º.- Que o Pleno decida a conveniencia sobre a realización da consulta previa en relación ao Regulamento Provincial da licencia de uso da marca “Reserva da Biosfera Terras do Miño”.

2º.- No caso de que o Pleno decida a realización da consulta previa, que acorde o prazo de dita consulta en 15 días naturais, sendo con carácter xeral os destinatarios da consulta pública as persoas físicas maiores de 16 anos empadroadas nalgún dos municipios da Provincial de Lugo, así como as organizacións e asociacións legalmente constituídas que puidesen resultar potencialmente afectadas pola futura norma.

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	13/69	

3º.- No caso de que o Pleno decida a realización da consulta previa, que se aprobe o contido da consulta pública previa segundo o formulario que se achega e se ordene a súa publicación no portal web <http://portaltransparencia.deputacionlugo.org/>.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por unanimidade, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20221129&punto=3>

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONSULTA PÚBLICA PREVIA NO PROCEDEMENTO DE ELABORACIÓN DO REGULAMENTO PROVINCIAL DA LICENZA DE USO DA MARCA “RESERVA DA BIOSFERA OS ANCARES LUCENSES E MONTES DE CERVANTES, NAVIA E BECERREÁ”.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Tras ver a proposta do deputado delegado da Área de Medio Ambiente, a teor do seguinte texto:

ANTECEDENTES

1. Marco legal das Reservas da Biosfera

As Reservas da Biosfera son territorios cuxo obxectivo é harmonizar a conservación da diversidade biolóxica e cultural e o desenvolvemento económico e social a través da relación das persoas coa natureza. Establécense sobre zonas ecoloxicamente representativas ou de valor único, nas cales a integración da poboación humana e as súas actividades coa conservación son esenciais. Son declaradas pola UNESCO a nivel mundial ao abeiro do Programa Persoa e Biosfera (MaB). No ano 2022, a Rede Mundial de Reservas da Biosfera acadou un total de 738 reservas repartidas por

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	14/69





134 países, incluíndo 22 transfronteirizas. A folla de ruta destes espazos a nivel internacional está marcada polo Plan de Acción de Lima para o Programa MaB da UNESCO e a súa Rede Mundial (2016-2025).

A nivel nacional, a Rede Española de Reservas da Biosfera, inclúe en 2022 un total de 53 Reservas da Biosfera repartidas en 16 Comunidades Autónomas. Dita Rede adaptou o Plan de Acción de Lima á realidade do noso país, definindo á súa vez as accións e os obxectivos de aplicación en España, a través do Plan de Acción de Ordesa-Viñamala (2017-2025).

Destas, 7 delas pertencen á Rede de Reservas da Biosfera de Galicia: Terras do Miño (2002); Área de Allariz (2005); Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá (2006); Río Eo, Oscos e Terras de Burón (2007), Gêres-Xurés (2009), Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo (2013); Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel (2021).

As Reservas da Biosfera, atópanse recoñecidas e protexidas tanto na lexislación nacional como autonómica, a través Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade e da Lei 5/2019, de 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, respectivamente.

2. O Programa Persoa e Biosfera (MaB) en España e a marca “Reservas de la Biosfera Españolas”

O Real Decreto 342/2007, do 9 de marzo, polo que se regula o desenvolvemento das funcións do Programa MaB, así como do Comité Español do citado programa, no Organismo Autónomo Parques Nacionales, e o Real Decreto 387/2013, do 31 de maio, que o modificou, identifican ao Organismo Autónomo Parques Nacionales (OAPN) como o organismo público encargado de coordinar o desenvolvemento do Programa MaB da UNESCO en España. Entre as súas funcións, correspóndelle promover e coordinar as actividades que constitúen a contribución española ao Programa Internacional sobre Persoa e Biosfera (MaB), no ámbito da conservación do patrimonio natural, o desenvolvemento sostible, da formación e, en particular, da promoción do concepto de Reserva da Biosfera.

Co obxectivo fundamental de impulsar e coordinar a promoción do concepto de Reserva da Biosfera, o Organismo Autónomo Parques Nacionales, coa conformidade do Consello de Xestores do Comité Español do Programa MaB, creou a marca “Reservas de la Biosfera Españolas”. Esta marca debe destacar e diferenciar determinados produtos agroalimentarios, artesanais non

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	15/69



agroalimentarios e servizos turísticos dos territorios recoñecidos como Reservas da Biosfera e dos municipios que pertencen ás mesmas, que contribúan a cumprir coas súas funcións básicas de conservación, desenvolvemento sostible e apoio loxístico das mesmas, sempre de acordo co plan de xestión da Reserva correspondente, respectando así as singularidades de cada unha delas.

O Real Decreto 599/2016, do 5 de decembro, polo que se regula a licenza de uso da marca "Reservas de la Biosfera Españolas", establece unha serie de criterios que regulan as normas e requisitos para a concesión, mantemento e extinción da licenza de uso de dita marca. Deste xeito, establece os mínimos que deben cumprir as marcas propias de cada Reserva da Biosfera da Rede Española de RRBB se desexan solicitar a marca nacional.

De feito, segundo este regulamento, para que un produto ou servizo dunha Reserva da Biosfera declarada en España, poida optar ao uso da marca "Reservas de la Biosfera Españolas", é preciso que a propia Reserva da Biosfera conte con:

- Un órgano de xestión funcional.
- Un plan de xestión en vigor.
- Un sistema de marca rexistrada propia para produtos e servizos turísticos.

Por outra banda, a Rede Española de Reservas da Biosfera dispón do Plan de Acción de Ordesa-Viñamala PAOV (2017-2025), que inclúe os obxectivos, accións, resultados e entidades responsables da implementación de cada unha das accións, xunto co seu ámbito temporal e indicadores de cumprimento.

A Área de Acción Estratéxica C do PAOV, relativa ás relacións externas eficaces e financiación suficiente e sostible para o Programa MaB e a Rede Mundial de Reservas da Biosfera, inclúe o obxectivo C7 "Recoñecemento internacional e nacional das RRBB".

Dito obxectivo C7 desenvólvese en varias accións concretas, entre as que se atopa a acción C7.3.1 "Fomentar a creación das marcas de cada RB", que se avalía a través de 2 indicadores:

- Indicador 145. RRBB con marcas propias
- Indicador 146. Nº de empresas rexistradas

Sendo as entidades responsables de cumprir este obxectivo, as propias RRBB e autoridades competentes.

Por todo o anteriormente exposto, a Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses promove o cumprimento da acción C7.3.1 do Plan de Acción de Ordesa-Viñamala co desenvolvemento da marca propia da Reserva.

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	16/69





3. A Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá

A Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá (en adiante, Os Ancares Lucenses) foi declarada o 27 de outubro de 2006 pola UNESCO ao abeiro do Programa Persoa e Biosfera (Programa MaB), que este ano celebra o seu 50 Aniversario. Inclúe territorios de 3 municipios da provincia de Lugo: Cervantes, Navia de Suarna e Becerreá.

O Órgano de Xestión da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses é un órgano especial da administración sen personalidade xurídica propia, para a xestión da Reserva, que está integrado na Deputación Provincial de Lugo, segundo o seu Regulamento publicado no BOP nº 76 do 04.04.2011. Este órgano de xestión está á súa vez composto polo Órgano Reitor (órgano de goberno e xestión da Reserva) e o Órgano de Participación (órgano consultivo).

Por outra banda, a Reserva da Biosfera conta co seu Plan de Acción (2013-2023), informado favorablemente polo seu Órgano de Participación e aprobado polo seu Órgano Reitor nas reunións celebradas o 17.12.2013, que define para o territorio un novo modelo de desenvolvemento que harmoniza os diversos sectores de actividades socioeconómicas co desenvolvemento das poboacións locais e a conservación do patrimonio natural e a biodiversidade, integrándose co resto de políticas sectoriais.

Entre as 7 Liñas de Acción establecidas no referido Plan de Acción, inclúese a liña “E. Producións e turismo de calidade”, na que se destaca que o fomento de producións e servizos de calidade está considerado como un dos elementos con maior grao de dinamización e diversificación económica, consolidación do tecido produtivo local e fixación de poboación rural. Así o recoñecen o Programa MaB, o Plan de Acción dos Espazos Naturais protexidos do Estado Español e a Política Agraria Común en diferentes plans, estratexias e programas financeiros.

Por esta razón, na liña de acción E do referido Plan inclúense tres accións principais: a primeira contempla a promoción e mantemento de certos oficios artesanais e de producións tradicionais, conservando e consolidando estas actividades. A segunda aborda o fomento de produtos de calidade mediante a adscrición a distincións de calidade e excelencia da produción e comercialización de artigos e servizos locais. En terceiro lugar, abórdase o desenvolvemento das actividades turísticas e de recepción dos visitantes baixo programas de calidade, en aras dun turismo sostible.

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	17/69



4. A necesidade dun regulamento que recolla os requisitos de uso do distintivo “Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá”

En diversas reunións tanto do Órgano de Participación como Reitor, mostrouse un grande interese por parte dos sectores implicados en distinguir os produtos e servizo turísticos deste territorio cun distintivo da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses, como xa están facendo noutras reservas a nivel nacional, requisito esencial para poder solicitar o uso da marca “Reservas de la Biosfera Españolas”.

Por outra banda, o Plan de Acción de Ordesa-Viñamala PAOV (2017-2025) aplicable a todas as Reservas da Biosfera españolas, contempla a acción C7.3.1 “Fomentar a creación das marcas de cada RB”, polo que contribuiríase ao cumprimento da referida acción e do propio Plan de Acción.

Por todo o anteriormente exposto, unha vez rexistrada na Oficina Española de Patentes y Marcas (OEPM) a marca figurativa “Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá” (M4050481), é necesario aprobar un regulamento que recolla os requisitos que deben cumprir os produtos e servizos turísticos que se elaboren ou desenvolvan neste territorio para obter a licenza de uso da marca “Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses” e así, á súa vez, poidan optar á marca “Reservas de la Biosfera Españolas”.

5. Directrices sobre a consulta pública previa no procedemento de elaboración das ordenanzas e regulamento provinciais da Deputación provincial de Lugo

Con data 13 de xaneiro de 2017 publicouse no Boletín Oficial da Provincia o acordo plenario da Deputación de Lugo de data 29 de novembro de 2016, polo que se aproban as “Directrices sobre a consulta pública previa no procedemento de elaboración das ordenanzas e regulamento provinciais da Deputación provincial de Lugo”.

No artigo 1.2 das Directrices establécese que *“con carácter previo á redacción do texto dunha ordenanza ou regulamento provincial, formularase unha consulta pública a través do portal web <http://portaltransparencia.deputacionlugo.org/> na que se solicitará a opinión da cidadanía e das organizacións mais representativas potencialmente afectadas pola futura ordenanza ou regulamento, nos termos establecidos no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas”*.

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	18/69





O artigo 4 “Contido da consulta pública previa” das Directrices establece que:

“4.1. A proposta conxunta, para o sometemento a consulta previa da iniciativa normativa, conterá como mínimo os seguintes puntos:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) As posibles solucións alternativas regulamentarias e non regulamentarias.
- c) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- d) Os obxectivos da norma.

4.2. Co obxecto de que os destinatarios da futura norma podan manifestarse sobre os aspectos sinalados no parágrafo anterior, a proposta conterá unha descrición clara e concisa dos mesmos, na que se incluírá toda a información e documentación precisa. Así mesmo, a proposta poderá engadir calquera outra información que se considere relevante para a consulta.

4.3. O contido da consulta pública previa deberá formar parte do expediente que se remita ao Pleno na que se pretenda solicitar a consulta para a iniciativa normativa.”

Segundo o artigo 2.1. das Directrices, a dita consulta pública “será esixible con carácter previo á redacción do texto dos proxectos de ordenanzas e regulamentos provinciais”, como ocorre neste caso no que se pretende a aprobación do Regulamento Provincial da licenza de uso da marca da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses.

Segundo o artigo 5 “Prazo e destinatarios” das Directrices:

“5.1. O prazo para a consulta pública de cada iniciativa será dun máximo de 15 días naturais, podendo ser acordado polo Pleno un prazo superior.

5.2. Con carácter xeral os destinatarios da consulta pública serán persoas físicas maiores de 16 anos empadroadas nalgún dos municipios da Provincial de Lugo, así como as organizacións e asociacións legalmente constituídas que puidesen resultar potencialmente afectadas pola futura norma.

5.3. Excepcionalmente a proposta poderá recoller a necesidade motivada de que o criterio establecido no parágrafo anterior poda ser ampliado ou restrinxido. Corresponderá ao Pleno resolver se procede a excepción e, en consecuencia, a aplicación dun criterio distinto ao xeralmente establecido para a realización das consultas previas.”

Por último, sinalar que o artigo 3 “Competencias” das Directrices di que “corresponderá ao Pleno, a proposta conxunta do deputado delegado da Área de Innovación, Participación cidadá, Mocidade e Deportes, e do deputado delegado da Área de Goberno competente por razón

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	19/69



da materia, acordar o sometemento a consulta pública das ordenanzas e regulamentos provinciais.”

PROPOSTA DE CONTIDO DA CONSULTA PÚBLICA PREVIA

1. Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa

O obxecto deste regulamento é poder aportar unha normativa que recolla os requisitos que deben cumprir os produtos agroalimentarios, artesanais non agroalimentarios e servizos turísticos que se elaboren ou desenvolvan neste territorio para obter a licenza de uso da marca da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses e así, á súa vez, poidan optar á marca “Reservas de la Biosfera Españolas”.

Por outra banda, o Plan de Acción de Ordesa-Viñamala PAOV (2017-2025) aplicable a todas as Reservas da Biosfera españolas, contempla a acción C7.3.1 “Fomentar a creación das marcas de cada RB”, polo que contribuiríase ao cumprimento da referida acción e do propio Plan de Acción.

2. As posibles solucións alternativas regulamentarias e non regulamentarias

A Deputación de Lugo, entidade que integra o órgano de xestión da reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses (sen personalidade xurídica propia), rexistrou na Oficina Española de Patentes y Marcas (OEPM) a marca figurativa “Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá” (expediente M4050481), en 21 clases da denominada Clasificación de Niza, que inclúe as clases relativas a produtos agroalimentarios, artesanais non agroalimentarios e servizos turísticos.

Esta marca figurativa da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses, composta polo nome e polo seu logotipo, figura inscrita no Inventario Xeral de Bens e Dereitos desta Deputación Provincial, no epígrafe IV, folio 6.

Por todo o anteriormente exposto, é necesario contar cun regulamento que defina o procedemento para conferir licenzas de uso da marca formada pola denominación “Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá” e o seu logotipo,

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	20/69





titularidade da Deputación Provincial de Lugo e rexistrado na Oficina Española de Patentes y Marcas (OEPM) baixo o rexistro nº M4050481, co obxectivo de fomentar o desenvolvemento sostible do territorio da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses e destacar e diferenciar os seus produtos agroalimentarios, produtos artesanais non agroalimentarios e servizos turísticos, fomentando a súa difusión e comercialización, así como para poder optar á marca nacional “Reservas da Biosfera Españolas”.

3. A necesidade e oportunidade da súa aprobación

A aprobación deste Regulamento ven motivado pola necesidade das persoas físicas ou xurídicas que desenvolva a súa actividade nalgún dos concellos pertencentes á Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses de contar cunha licenza de uso da marca "Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses" para poder distinguir os seus produtos agroalimentarios, artesanais non agroalimentarios e servizos turísticos, sempre que contribúan a unha ou máis das funcións básicas que deben cumprir as Reservas da Biosfera (conservación, desenvolvemento e apoio loxístico), así como que estean de acordo co plan de xestión da propia Reserva da Biosfera.

Ademais, segundo o Real Decreto 599/2016, do 5 de decembro, polo que se regula a licenza de uso da marca "Reservas de la Biosfera Españolas" (que establece unha serie de criterios que regulan as normas e requisitos para a concesión, mantemento e extinción da licenza de uso de dita marca), para que un produto ou servizo dunha Reserva da Biosfera declarada en España, poida optar ao uso da marca "Reservas de la Biosfera Españolas", é preciso que a propia Reserva da Biosfera conte con:

- Un órgano de xestión funcional.
- Un plan de xestión en vigor.
- Un sistema de marca rexistrada propia para produtos e servizos turísticos.

Polo tanto, para que calquera produto (agroalimentario ou artesanal non agroalimentario) ou servizo turístico do territorio da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses, poida ter unha licenza de uso da marca “Reservas da Biosfera Españolas”, é preciso que esta reserva conte cun sistema de marca rexistrada propia para produtos e servizos turísticos.

Por outra banda, o Plan de Acción de Ordesa-Viñamala PAOV (2017-2025) aplicable a todas as Reservas da Biosfera españolas, contempla a acción C7.3.1 “Fomentar a creación das

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	21/69



marcas de cada RB”, polo que contribuíriase ao cumprimento da referida acción e do propio Plan de Acción.

4. Os obxectivos da norma

Esta iniciativa pretende conseguir os seguintes obxectivos:

1. Regular o procedemento para conferir licenzas de uso da marca formada pola denominación “Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá” e o seu logotipo, titularidade da Deputación Provincial de Lugo e rexistrado na Oficina Española de Patentes y Marcas (OEPM) baixo o rexistro nº M4050481.
2. Destacar e diferenciar os produtos agroalimentarios, produtos artesanais non agroalimentarios e servizos turísticos desta Reserva da Biosfera, fomentando a súa difusión e comercialización.
3. Promover a dinamización e diversificación da economía do territorio declarado como Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses, consolidando o seu tecido produtivo local e fixando poboación no medio rural.
4. Dar cumprimento á liña “E. Producións e turismo de calidade” do Plan de Acción da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses.
5. Dar cumprimento a acción C7.3.1 “Fomentar a creación das marcas de cada RB” do Plan de Acción de Ordesa-Viñamala PAOV (2017-2025) aplicable a todas as Reservas da Biosfera españolas.
6. Permitir que os produtos agroalimentarios, produtos artesanais non agroalimentarios e servizos turísticos desta Reserva da Biosfera poidan conseguir, se así o solicitan, a licencia de uso da marca “Reservas de la Biosfera Españolas”.

O día 4 de novembro de 2022, o Servizo de Medio Ambiente desta Deputación emitiu informe favorable acerca da consulta previa a realizar no procedemento de elaboración do Regulamento provincial da licencia de uso da marca “Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá”.

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	22/69





En base a todo o anteriormente exposto, proponse que polo Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo se adopten os seguintes acordos:

1º.- Que o Pleno decida a conveniencia sobre a realización da consulta previa en relación ao Regulamento Provincial da licencia de uso da marca “Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá”.

2º.- No caso de que o Pleno decida a realización da consulta previa, que acorde o prazo de dita consulta en 15 días naturais, sendo con carácter xeral os destinatarios da consulta pública as persoas físicas maiores de 16 anos empadroadas nalgún dos municipios da Provincial de Lugo, así como as organizacións e asociacións legalmente constituídas que puidesen resultar potencialmente afectadas pola futura norma.

3º.- No caso de que o Pleno decida a realización da consulta previa, que se aprobe o contido da consulta pública previa segundo o formulario que se achega e se ordene a súa publicación no portal web <http://portaltransparencia.deputacionlugo.org/>.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por unanimidade, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20221129&punto=4>

5.- PROPOSTA DE RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DE ACORDOS DA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DE 2 DE NOVIEMBRE DE 2022, REFERIDOS A DIVERSAS MATERIAS.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	23/69	

“Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“A Mesa Xeral de Negociación de condicións de traballo do persoal funcionario e laboral da Deputación Provincial de Lugo, en uso das atribucións que lle confire, en materia de negociación colectiva, o Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, integrada polas organizacións sindicais UGT, CCOO, CSIF e CIG, que representan á totalidade dos integrantes dos órganos unitarios de representación do persoal funcionario e laboral da Entidade (Xunta de Persoal e Comité de Empresa), acadou un acordo, o 2 de novembro do 2022, sobre diversas materias relativas a condicións de traballo que foron obxecto de negociación nos últimos meses, cuxos textos se achegan:

1.- REGULAMENTO DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS NA MODALIDADE DE TELETRABALLO NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

2.- MODIFICACIÓN, POR AGREGACIÓN, DO TEXTO DO CONVENIO COLECTIVO ÚNICO PARA O PERSOAL LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN RELACIÓN A CAMBIO DE XORNADA DO PERSOAL LABORAL FIXO CONTRATADO A TEMPO PARCIAL.

3.- MODIFICACIÓN DAS ESPECIFICACIÓNS (REGULAMENTO) DO PLAN DE PENSIÓNS DE EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO SOBRE ACHEGAS DA ENTIDADE.

Conforme ao previsto no artigo 38.3 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os acordos adoptados pola Mesa Xeral de Negociación para a súa validez e eficacia deben ser obxecto de aprobación expresa e formal polos órganos que teñan atribuída a competencia por razón da materia. Á vista de canto antecede, propono que a Presidencia someta á consideración do Pleno os devanditos acordos, en materia de persoal, para que este, de consideralo oportuno, en uso das atribucións que lle confiren os artigos 33 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	24/69





Réxime Local e 57.18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, de estimalo oportuno, os ratifique a fin de que adquiran plena eficacia.

DOCUMENTO 1.

REGULAMENTO DE PRESTACIÓN DE SERVICIOS NA MODALIDADE DE TELETRABALLO NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Introdución

O primeiro referente normativo regulador da prestación de servizos na modalidade de TELETRABALLO atopámolo no Acordo marco Europeo sobre TELETRABALLO, do 16 de xullo de 2002, que contempla, nun marco xeral de regulación, a seguinte definición do tele-traballo aínda hoxe compartida:

O TELETRABALLO é unha forma de organización e/ou de realización do traballo utilizando as tecnoloxías da información no marco dun contrato ou dunha relación de traballo, na cal, un traballo que podería ser realizado igualmente nos locais da empresa, realízase fóra destes locais de forma regular.

Nas administracións públicas, e a pesar dos diferentes plans de modernización e dixitalización para convertelas en administracións electrónicas, administracións dixitais, tanto desde o punto de vista interno como tamén desde o externo, ao servizo do cidadán, apenas avanzaron na implantación desta modalidade de prestación do servizo ata que chegou a crise sanitaria da Covid-19, momento no que se xerou un escenario propicio para a xeneralización da prestación dos servizos na modalidade do TELETRABALLO, a pesar das resistencias culturais e tecnolóxicas.

Este escenario xeneralizado do TELETRABALLO, tanto na Administración Pública como tamén no sector privado, tivo unha repercusión e unha incidencia tan relevante que axilizou aquilo que levaba tanto de tempo en repouso: a posta en marcha de medidas organizativas e tecnolóxicas de adaptación ao TELETRABALLO e a aprobación dunha regulación específica no marco das diferentes relacións laborais.

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	25/69	

Primeiramente, apróbase a regulación do traballo a distancia e do TELETRABALLO para o sector privado, a través do Real Decreto-Lei 28/2020, do 22 de setembro, do traballo a distancia, excluindo de forma expresa do seu ámbito de aplicación ao persoal ao servizo das administracións públicas ao establecer para estes que se aterán á súa regulación específica.

Sucesivamente, e exclusivamente para o persoal ao servizo das administracións públicas, apróbase o Real Decreto- Lei 29/2020, do 29 de setembro, de medidas urxentes en materia de TELETRABALLO nas administracións públicas e de recursos humanos no Sistema Nacional de Saúde para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola Covid-19, incorporando o artigo 47 bis no Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público – en diante EBEP – con carácter básico para todas as administracións públicas, aplicable tanto ao persoal funcionario como ao persoal laboral.

O novo artigo 47 bis do EBEP establece un marco xeral de definición e de regulación do TELETRABALLO nas administracións públicas con dous eixes vertebradores que se terán que facer compatibles o TELETRABALLO como medida propiamente organizativa do traballo no marco da potestade de autoorganización de cada administración e a voluntariedade en que terá que ser ofrecida e asumida polo empregado público.

O artigo 47 bis do EBEP define o TELETRABALLO nas administracións públicas esencialmente cos seguintes criterios:

- a) realizarse a condición de que as necesidades do servizo o permitan;
- b) realizarse con carácter voluntario e con previa autorización;
- c) realizarse de forma compatible co traballo presencial;
- d) garantíranse os mesmos dereitos e deberes individuais e colectivos do persoal;
- e) terá que contribuír a unha mellora organizativa do traballo a través da identificación dos obxectivos e da avaliación do seu cumprimento.

Con todo, o Real Decreto-Lei 29/2020, do 29 de setembro, deixa un gran espazo negociador e regulador que terá que encaixarse primeiramente nos acordos de negociación colectiva, nos convenios colectivos e acordos de condicións de traballo e, posteriormente, en posteriores regulamentos de desenvolvemento da normativa básica, os cales resultarán instrumentos especialmente idóneos para que as Entidades Locais (Deputacións, Concellos, Mancomunidades etc), no exercicio da potestade de autoorganización e da potestade regulamentaria, e dentro deste marco legal básico e do marco regulador autonómico de desenvolvemento, poidan, primeiro negociar, e despois regular o teletraballo no ámbito das súas organizacións.

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	26/69





Neste novo contexto legal e de realidade do TELETRABALLO, de acordo co apartado 2 do artigo 47 bis, serán as Entidades Locais quen terán que regular o desenvolvemento concreto da actividade do TELETRABALLO por medio do establecemento das súas propias normas, as cales terán que ser obxecto de negociación colectiva, e, no seu caso, de adaptación ao propio Real Decreto-Lei, que se terá que facer nun prazo de 6 meses a contar desde a entrada en vigor do mesmo, tal e como establece a disposición final segunda do Real Decreto-Lei 29/2020, do 29 de setembro.

REGULAMENTO PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS NA MODALIDADE DE TELETRABALLO

Artigo 1. Definición da prestación de servizos na modalidade de TELETRABALLO

Enténdese por TELETRABALLO aquela modalidade de prestación de servizos na cal se desenvolve o contido funcional dos postos de traballo fóra das dependencias da Deputación, a través da utilización das novas tecnoloxías da información e comunicación, sempre que sexa de acordo coas necesidades da prestación efectiva do servizo público.

Artigo 2. Ámbito de aplicación persoal

1. Este acordo será de aplicación ao persoal funcionario e laboral, incluído no ámbito subxectivo do Acordo Marco Único de persoal funcionario (AMU) e o Convenio Colectivo Único do persoal laboral (CCU) e de acordo cos requisitos establecidos no artigo 3º.

2. Non será de aplicación ao persoal excluído do ámbito subxectivo de aplicación do acordo de condicións (AMU) e/ou convenio colectivo (CCU).

Artigo 3. Determinación dos requisitos para optar á prestación do servizo na modalidade de TELETRABALLO

1. A prestación do servizo na modalidade de TELETRABALLO do persoal incluído no ámbito de aplicación terá que cumprir os seguintes requisitos:

a) Requirirase estar en situación de servizo activo e exercer o posto de traballo no último ano ou, se procede, acreditar a experiencia en postos de traballo con funcións e tarefas análogas ás do posto de traballo a desenvolver.

b) Exercer un posto de traballo que se considere susceptible de ser desenvolto na modalidade de TELETRABALLO, de acordo co previo estudo organizativo e a definición na RPT. Para ese efecto, considéranse postos de traballo susceptibles de ser exercidos na modalidade de TELETRABALLO aqueles nos que as tarefas principais dos cales se poden desenvolver de

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	27/69



maneira autónoma, sen necesidade de supervisión presencial ou guía continuados, atendendo ás súas características específicas e ós medios requiridos para desenvolvelos.

c) Ter os coñecementos informáticos e telemáticos, teóricos e prácticos, suficientes que require o desenvolvemento das funcións do seu posto na modalidade de TELETRABALLO.

2. Postos de traballo excluídos de prestación de servizo na modalidade de TELETRABALLO:

a) Postos de traballo en oficinas de rexistro presencial e atención e información ao cidadán de maneira presencial, nas distintas Áreas, Servizos, Unidades etc. ...

b) Postos de traballo que impliquen necesariamente a prestación do servizo de maneira presencial, polas características das funcións e tarefas que deben desenvolver.

A modo de exemplo sen que sexa unha relación pechada, Granxa provincial- persoal de atención ás instalacións, aos animais etc.; Centros de Maiores; oficiais e operarios de mantemento; Servizos de Vías e Obras e Parque Móbil- capataces, vixiantes, condutores, maquinistas e operarios de vías e obras; en xeral, servizos de atención personalizada e/ou presencial ao cidadán no Servizo de Recadación; no Servizo de Medio Ambiente- Vixiantes; no CENTRAD- Vixiantes e auxiliares, persoal de talleres,...etc.; nos Museos da Rede Provincial- Vixiantes, persoal de recepción, auxiliares de sala, Guías...etc.; ... e, en xeral aqueles cuxa prestación de traballo non poida facerse a distancia, polas peculiaridades das funcións e tarefas que deben prestar.

Artigo 4. Réxime xeral e excepcional da prestación de servizos na modalidade de TELETRABALLO

1. A duración máxima da prestación de servizos na modalidade de TELETRABALLO será dun ano, quitado autorizacións excepcionais que poidan prever unha duración superior atendendo as necesidades e a natureza da prestación de servizo.

2. Antes de que finalice a autorización de TELETRABALLO, e sen prexuízo da avaliación continuada ou periódica que leve a cabo de acordo co establecido no plan persoal de traballo, a persoa supervisora emitirá un informe de avaliación do cumprimento dos obxectivos e, coa solicitude previa da persoa interesada, a autorización de teletraballo poderase prorrogar por períodos máximos dun ano, sempre que non haxa cambios nas condicións de traballo e a avaliación fose favorable.

3. A xornada semanal distribuirase de tal maneira que ata un máximo de dúas xornadas diarias enteiras sexan prestados os servizos na modalidade de TELETRABALLO.

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	28/69





4. A xornada diaria de traballo, para todos os efectos, non se poderá fraccionar entre as modalidades de servizo presencial e de TELETRABALLO.

5. Con carácter excepcional, poderase autorizar ocasionalmente a prestación de servizos na modalidade de TELETRABALLO nos casos seguintes:

a) Cando por razón dun servizo fóra do centro de traballo habitual o desprazamento resulte ineficiente. Neste caso a xornada restante pódese completar en réxime de TELETRABALLO.

b) Cando por necesidades do servizo se deriven encargos específicos e concretos que haxa que executar nun breve período de tempo e sexa máis efectivo e adecuado empregar a modalidade de TELETRABALLO.

c) Cando se declaren episodios ambientais de contaminación ou outras situacións de emerxencia derivadas de plans de protección civil, sen necesidade de solicitude previa e de acordo coas instrucións de Recursos Humanos.

Artigo 5. Procedemento de autorización para a prestación de servizo na modalidade de TELETRABALLO

1. As solicitudes de autorización para a prestación do servizo na modalidade de TELETRABALLO dirixíranse ao Servizo de Recursos Humanos por medio do procedemento telemático que se estableza e no cal se comprobará si se reúnen os requisitos establecidos para teletraballar.

2. O Servizo de Recursos Humanos emitirá o correspondente informe/proposta no prazo de 15 días desde a solicitude do empregado/a.

3. O órgano competente para emitir a resolución motivada de autorización ou denegación da solicitude, que estará, en todo caso, supeditada ás necesidades do servizo e ao número de persoas daquel departamento que estean naquel momento prestando servizos na modalidade de TELETRABALLO, será a Presidencia, logo de formulada a proposta pola Deputada Delegada de Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo.

4. O procedemento de autorización requirirá que se resolva de forma expresa nun prazo máximo de dous meses.

5. As solicitudes de prestación de servizo na modalidade de TELETRABALLO por varios empregados dunha mesma área, servizo ou departamento resolveranse, preferentemente, valorando as seguintes circunstancias:

a) Alteracións da saúde que afecten á mobilidade cando a diminución dos desprazamentos contribúa de maneira relevante a unha mellora da saúde, acreditada polos servizos médicos.

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	29/69



b) Conciliación da vida familiar e laboral: cando o empregado/a teña a cargo persoas maiores de 65 anos cunha discapacidade recoñecida igual ou superior ao 65%, ou cun grao de dependencia que lle impida ser autónomo, cando requira dedicación ou atención especial.

c) Por razóns de garda legal, se se require tutela directa dalgún menor de 12 anos ou persoa con discapacidade física, psíquica ou sensorial que non desenvolva actividade retribuída e que conviva co/coa empregado/a.

6. As solicitudes de autorización para a prestación do servizo na modalidade de TELETRABALLO desestimaránse por algunha das causas seguintes:

a) Non reunir o posto de traballo os requisitos necesarios para desenvolvelo na modalidade de TELETRABALLO.

b) Non quedar cubertas adecuadamente as necesidades do servizo, acreditado polo informe do órgano competente.

c) Limitacións das infraestruturas tecnolóxicas ou a imposibilidade de garantir a conectividade no lugar de TELETRABALLO, acreditadas polo informe do departamento.

d) Non superar a formación específica para a prestación do servizo na modalidade de TELETRABALLO.

7. O empregado/a poderá renunciar á prestación do servizo na modalidade de TELETRABALLO, mediante comunicación á Entidade provincial cunha antelación mínima de quince días á data de finalización solicitada.

8. A autorización de prestación de servizos na modalidade de TELETRABALLO extingúese, coa audiencia previa da persoa afectada:

a) por necesidades do servizo debidamente xustificadas.

b) pola avaliación desfavorable por parte da persoa supervisora dos obxectivos fixados ou o incumprimento grave dos compromisos en materia de seguridade, protección de datos e confidencialidade, sen prexuízo da responsabilidade disciplinaria en que se puido incorrer.

c) polo cambio de posto de traballo.

d) por incumprimento dos requisitos necesarios para optar á prestación do servizo nesta modalidade.

e) por renuncia da persoa autorizada.

9. A autorización poderase suspender temporalmente, mediante a resolución do órgano competente, por circunstancias sobrevidas que afecten á persoa autorizada ou por necesidades do servizo debidamente xustificadas. É causa automática de suspensión temporal da prestación de

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	30/69





servizos na modalidade de TELETRABALLO o funcionamento deficiente, por un período superior a dous días, do equipo informático e dos sistemas de comunicación e conectividade. Neste suposto a persoa afectada ten que prestar servizos en réxime presencial ata que se resolvan os problemas técnicos.

Artigo 6. Planificación da prestación do servizo na modalidade de TELETRABALLO

1. A determinación das tarefas a realizar e dos resultados a obter durante o desenvolvemento da xornada de traballo baixo a modalidade de TELETRABALLO fixarase por acordo entre a persoa responsable de supervisión e o empregado ou empregada mediante un Plan de Traballo Individual (PTI).

2. O plan de traballo Individual (PTI) ten que ter o contido seguinte:

a) Relación das tarefas que se realizan na modalidade de TELETRABALLO e os obxectivos a lograr.

b) Concreción dos días da semana en que se teletraballará.

c) Fixación das franxas horarias de dispoñibilidade obrigatoria para a interconexión e coordinación dentro do horario de permanencia obrigatoria. O resto da xornada en réxime de teletraballo admite unha flexibilidade total, respectando as pausas e os descansos entre xornadas.

d) Réxime de control e seguimento periódico dos obxectivos do traballo e avaliación periódica.

3. O Plan de Traballo Individual (PTI) é un documento modificable en calquera momento, por mutuo acordo das partes que o subscribiron, e ten que estar permanentemente ao dispor do Servizo de RRHH que o poderá requirir en calquera momento.

Artigo 7. Dereitos e deberes do persoal que presta servizos na modalidade de TELETRABALLO

1. Os empregados e empregadas públicos que desenvolvan a prestación do servizo na modalidade de TELETRABALLO terán os mesmos dereitos e deberes que o resto do persoal, sen que poida haber, por este motivo, ningunha afectación retributiva nin diferenza respecto ás oportunidades de formación, promoción profesional nin calquera outro dereito recoñecido, coa excepción daqueles dereitos que sexan inherentes á prestación do servizo de maneira presencial.

2. A Entidade habilitará os mecanismos de control horario a efectos de rexistrar a xornada realizada na modalidade de TELETRABALLO e, se procede, ditará as instrucións que sexan necesarias para o cumprimento da xornada e horario de traballo.

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	31/69



3. O empregado/a durante o tempo de prestación de servizos na modalidade de TELETRABALLO comprométese a:

a) Conseguir os obxectivos nun prazo determinado, de acordo co Plan de Traballo Individual previsto.

b) Estar accesibles durante un horario laboral determinado para levar a cabo as tarefas sincrónicas co resto do equipo se se estableceu así como necesario.

c) Cumprir as expectativas de comunicación previamente establecidas: reunión diaria ou semanal de seguimento, reporte por correo electrónico etc.

d) Comunicarse co superior xerárquico ou o supervisor sempre que sexa necesario para o correcto desenvolvemento das tarefas encomendadas e previstas no plan de traballo.

e) Conectarse desde un espazo que garanta unha boa comunicación.

4. O/A empregado/a cumprirá coa normativa en materia de protección de datos de carácter persoal e manterá a reserva en relación cos asuntos dos cales teña coñecemento, nos mesmos termos que se traballase na modalidade presencial.

5. A Entidade informará ao/á empregado/a de toda a normativa no referente á protección de datos e especialmente a seguinte:

- Calquera limitación na utilización do equipo ou de ferramentas informáticas.

- Calquera outra información en relación coa protección de datos que afecte ao/á empregado/a.

6. O persoal que preste servizos na modalidade de TELETRABALLO ten dereito á desconexión dixital nos termos establecidos no artigo 88 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e ténselle que garantir, fóra da franxa horaria de dispoñibilidade establecida, o respecto ao seu tempo de descanso e á súa intimidade persoal.

Artigo 8. Dereitos e deberes en materia de PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS específicos na prestación de servizos na modalidade de TELETRABALLO

1. A Entidade informará ao/á empregado/a da política en materia de saúde e facilitarase a formación e información necesaria para evitar os riscos laborais coa aplicación das medidas protectoras correspondentes.

2. Así mesmo, o persoal que preste servizo na modalidade de TELETRABALLO terá que asistir obrigatoriamente a unha sesión formativa onde se lle indicará como ten que acondicionar o seu posto de traballo fóra das dependencias da Deputación, así como as nocións necesarias sobre

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	32/69





seguridade e ergonomía nos postos de traballo. A asistencia á sesión formativa terá carácter obrigatorio e o persoal que asista terá que acreditar os coñecementos adquiridos mediante a proba correspondente.

3. Os/as empregados/as terán que aplicar en todo caso as medidas previstas na súa avaliación de riscos, así como a formación e información facilitada polo Servizo de Prevención e en relación co deseño do seu posto de traballo. Con todo, o Servizo de Prevención proporcionará asistencia e asesoramento telefónico cando sexa preciso.

4. O persoal que preste servizos na modalidade de TELETRABALLO poderá solicitar ao Servizo de Prevención o exame do posto de traballo no seu domicilio ou no lugar onde designase. No caso de que o Servizo de Prevención recomende adoptar medidas correctoras no posto de traballo de prestación de servizos nesta modalidade, será responsabilidade do persoal afectado a súa implantación.

Artigo 9. Dereitos e deberes en materia FORMACIÓN específica na prestación de servizos na modalidade de TELETRABALLO

1. A Entidade ofrecerá accións formativas para o persoal que pida a autorización para a prestación do servizo na modalidade de TELETRABALLO en relación co desempeño da xornada de traballo, a protección da saúde, a prevención de riscos laborais no posto de traballo e a protección de datos de carácter persoal.

2. A Entidade ofrecerá formación especializada de equipos e software específico para aqueles/as empregados/as que pidan a autorización e requiran a mellora das habilidades tecnolóxicas. Esta formación especializada poderase solicitar polo empregado/a e tamén polo seu superior xerárquico.

3. A Entidade ofrecerá ás persoas que asuman a supervisión do persoal que preste servizos na modalidade de TELETRABALLO a formación necesaria sobre a xestión e avaliación de obxectivos e sobre a elaboración de indicadores e resultados esperados.

4. A asistencia á formación requirida para o desenvolvemento do TELETRABALLO será obrigatoria e requisito indispensable para a autorización da prestación do servizo na modalidade de TELETRABALLO.

Artigo 10. Medios tecnolóxicos e materiais para a prestación de servizos na modalidade de TELETRABALLO

1. A Entidade facilitará os medios tecnolóxicos necesarios para levar a cabo a prestación de servizos na modalidade de TELETRABALLO que se concretan ao facilitar a conexión segura ás

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	33/69



aplicacións e directorios corporativos, nos sistemas informáticos, en contornas e servidores seguros.

2. A Entidade achegará tamén os medios tecnolóxicos referentes aos equipos individuais que se concretarán segundo as disponibilidades de recursos.

3. O/A empregado/a terá que dispoñer de conexión en remoto para conectarse e garantir unha boa comunicación.

4. A Entidade achegará o servizo de apoio en relación coas ferramentas e os medios que poña ao dispor da persoa que ten autorizado o TELETRABALLO.

5. A Entidade poderá requirir modificar a configuración dos equipos facilitados e tamén dos propios do/da empregado/a – coa súa conformidade – para garantir a seguridade dos dispositivos e para habilitar un espazo no dispositivo persoal no que se poidan executar as aplicacións e os servizos corporativos.

6. A Entidade determinará a conexión cos sistemas informáticos para garantir a accesibilidade, axilidade, seguridade e confidencialidade das comunicacións informáticas e telemáticas.

7. O/A empregado/a terá que dispoñer do mantemento dos equipos informáticos proporcionados pola Entidade, a cargo desta, e que terá que devolver cando finalice o período de servizo na modalidade de TELETRABALLO.

Disposición adicional. Comisión de avaliación do TELETRABALLO na Entidade
Proponse crear a comisión de avaliación do TELETRABALLO como órgano técnico de seguimento e avaliación da modalidade de prestación de servizos mediante TELETRABALLO.

A comisión de avaliación do TELETRABALLO terá como misión o seguimento e a avaliación dos resultados das condicións establecidas, así como a realización de propostas de mellora.

Na dita Comisión participarán un representante de cada organización sindical con representación nos órganos unitarios (Xunta de Persoal e Comité de Empresa) do persoal provincial

Disposición final. Plan de posta en marcha da prestación de servizos na modalidade de TELETRABALLO.

Proponse iniciar a implantación da prestación de servizos na modalidade de TELETRABALLO cun plan de posta en marcha, en diferentes fases, tendo en conta aqueles

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	34/69





servizos que dispoñan dunha avaliación organizativa idónea, e sexa posible concretar un número de persoal susceptible de reunir os requisitos establecidos para optar á autorización, e tamén do número suficiente de supervisores xerárquicos para o control .

O seguimento, o control e a avaliación realizarase a través da comisión de avaliación do TELETRABALLO, que inicialmente se reunirá unha vez ao mes para levar e poñer en común os elementos de avaliación de cada fase de posta en marcha do Teletraballo.

DOCUMENTO 2

MODIFICACIÓN, POR AGREGACIÓN, DO TEXTO DO CONVENIO COLECTIVO ÚNICO PARA O PERSOAL LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN RELACIÓN A CAMBIO DE XORNADA DO PERSOAL LABORAL FIXO CONTRATADO A TEMPO PARCIAL.

I. ANTECEDENTES

Dende que entrou en vigor o Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo (BOP número 200, do xoves, 30 de agosto de 1990), o cadro de persoal laboral da Entidade foise constituíndo por vínculos de servizo en prazas de diversas categorías a xornada completa.

Porén, en procesos de integración de persoal derivados de reorganizacións de actividades que inicialmente se realizaban a través de fórmulas instrumentais de xestión (fundación TIC, Recadación) foron integradas persoas traballadoras con contratos cuxa xornada é parcial en relación á xornada de traballo do resto do persoal fixo do cadro de persoal da Deputación Provincial de Lugo comparable.

Esta circunstancia debe ser obxecto de homologación a efectos de racionalizar a xestión de efectivos, sempre que se dean as condicións obxectivas de necesidade organizativa, dándolles a posibilidade contemplada na lexislación laboral de aplicación de completar a súa xornada, cando resulte necesario para a organización, en liña co establecido para estas situacións noutros Convenios Colectivos que regulan os vínculos de servizo do persoal laboral doutras Administracións Públicas en xeral e, especificamente, noutras Administracións Locais; sempre a condición de que as ditas propostas de novación contractual se produzan de mutuo acordo, con plena voluntariedade das partes e con acreditación de que responden a necesidades organizativas da

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	35/69



Entidade provincial, en consideración ao contido funcional das prazas e dos postos correspondentes.

Esta proposta de modificación parcial e puntual do texto do Convenio Colectivo Único faise utilizando a canle prevista na Disposición Adicional Décima do vixente texto que sinala que este tipo de modificacións poderanse acordar pola Mesa Negociadora e a Deputación Provincial sen a necesidade de proceder á denuncia do Convenio.

Igualmente esta proposta está habilitada polo disposto no artigo 12.4, e) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, que resulta de plena aplicación ao persoal laboral das Entidades da Administración Local, en virtude do establecido no artigo 177.2 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes de Réxime Local, que sinala que o réxime das relacións de servizo do persoal laboral será, na súa integridade, o establecido nas normas de Dereito Laboral.

II. PROPOSTA DE REDACCIÓN DUN NOVO ARTIGO DO CONVENIO COLECTIVO ÚNICO DO PERSOAL LABORAL.

Para dar resposta e solución á problemática exposta, proponse unha modificación, por adición, do texto do vixente Convenio Colectivo Único do persoal laboral co seguinte texto:

“Artigo 18 BIS. Cambios de xornada do persoal laboral fixo do cadro de persoal contratado a tempo parcial a xornada de traballo a tempo completo.

1.- No caso de que exista unha vacante da mesma clasificación e contido funcional sen dereito a reserva de posto de traballo ou en consideración ás propostas dos Servizos, con fundamento organizativo motivado na necesidade de proceder a unha ampliación funcional do posto que se veña desempeñando a tempo parcial, polo órgano competente poderanse atender, de consideralo oportuno, as solicitudes de cambio de xornada parcial a xornada completa cursadas polas persoas traballadoras fixas do cadro de persoal que estean contratadas a tempo parcial, antes de acudir á realización de chamamentos temporais para atender ás ditas necesidades.

As ditas solicitudes dirixiranse á Xefatura do Servizo no que estea adscrita a persoa traballadora solicitante, que emitirá informe sobre si a dita solicitude pode ter amparo nas necesidades organizativas, informe que deberá ser conformado pola persoa titular da Delegación de Área.

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	36/69





Na solicitude deberá constar a data dende a que a persoa traballadora ocupa praza fixa a tempo parcial e as características funcionais e de clasificación da praza e posto que desempeña. Para a concesión do cambio de xornada atenderase, entre outros factores, ao tempo que a persoa traballadora leve prestando servizos en xornada a tempo parcial, de modo que no caso de que se producise máis dunha solicitude, atenderase, en primeiro termo, a aquela de quen máis tempo leve prestando servizos na Entidade.

Tendo en conta que, de ser estimada polo órgano competente, a variación de xornada de traballo que se produza nestes supostos leva aparelada unha modificación do contrato de traballo, que pasaría da modalidade de contrato a tempo parcial á modalidade de contrato a xornada completa; a dita modificación deberá ser formalizada mediante a subscripción dun anexo ao contrato de traballo de orixe no que se fagan constar as modificacións operadas na contratación tramitándose conforme ao previsto na normativa laboral aplicable.

2.- No suposto de que, existindo solicitude da persoa traballadora de modificación contractual para pasar dun contrato a tempo parcial a un a xornada completa, non quedase acreditada no informe do Servizo afectado a necesidade estrutural da dita ampliación dende a xornada de traballo a tempo parcial ata a de tempo completo da persoa traballadora, pero si se constatase a existencia dunha necesidade de ampliación parcial da xornada de traballo sen que a mesma alcance á completar a xornada dunha persoa contratada laboral fixa a tempo completo comparable, poderase acordar facer efectivo, de ser necesario, un pacto de bolsa de horas complementarias, nos termos e condicións sinalados no artigo 12 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e cos límites e condicións que na citada disposición se contemplan”.

DOCUMENTO 3

MODIFICACIÓN DAS ESPECIFICACIÓNS (REGULAMENTO) DO PLAN DE PENSIÓNS DE EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO SOBRE ACHEGAS DA ENTIDADE.

I. ANTECEDENTES

Como consecuencia da habilitación legal que estableceu o Real Decreto Lexislativo 1/2002, de 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora dos Plans e Fondos de Pensións, as Entidades Locais poden establecer Plans de Pensións de Emprego como

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4		Página 37/69	

Previsión social complementaria do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a Deputación Provincial de Lugo promoveu a constitución dun Plan de Emprego dos empregados provinciais, que leva en funcionamento dende o ano 2004.

Conforme ás sucesivas leis orzamentarias, concretamente, dende a vixencia da Lei 61/2003, de 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2004, as cantidades destinadas a financiar achegas a plans de pensións por parte das Administracións Públicas terán, a todos os efectos, a consideración de retribucións diferidas. Esta consideración foi ratificada pola xurisprudencia do Tribunal Supremo.

A condición ou natureza de retribución diferida destas achegas da Deputación para a financiación do Plan de Pensións, na súa condición de promotora do Plan, fai necesario que sexa obxecto de negociación conforme ao que se recolle no artigo 37.1. e) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, circunstancia que xa se recollía no mesmo sentido no artigo 32 da Lei 9/1987, que regulaba as atribucións nesta materia da representación legal dos empregados públicos.

O regulamento de funcionamento ou Especificacións do referido Plan de Pensión da Deputación Provincial de Lugo establece no seu artigo 6, cando define as condicións de partícipe do Plan, a existencia de 2 tipos ou clases de partícipes:

Por un lado, os denominados pertencen ao Colectivo A que son aqueles empregados provinciais que teñan a condición de persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo.

Por outro, o denominado colectivo B no que se integran o persoal funcionario interino ou persoal laboral temporal que leve un tempo igual ou superior a 2 anos de vínculo de servizo coa Entidade.

O artigo 21 das Especificacións do Plan de Pensións establece o sistema de achegas económicas e establece expresamente que os partícipes do Colectivo A están obrigados a realizar unha achega mensual periódica e obrigatoria que será detraída a través da nómina polo promotor e ingresada na conta que o Fondo manteña coa Entidade Depositaria e, de xeito simultáneo, o promotor realizará unha achega en beneficio destes empregados por un importe equivalente ao 50% da cota obrigatoria achegada polo empregado.

Destas achegas do promotor quedan excluídos os partícipes do Colectivo B, conforme ao previsto no apartado 6 do citado artigo 21.

Esta diferenza de trato, con fundamento exclusivo na diferenza da duración do vínculo de servizo, no caso do persoal do Colectivo A, de duración indefinida, respecto do Colectivo B, de

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	38/69





duración temporal, sen outra razón xurídica que o soporte e motive, non se cohonesta co establecido na Directiva 1999/70/CE, que é de aplicación directa a todas administracións públicas da Unión Europea; e que proscribe calquera trato diferenciado dos traballadores temporais en comparación cos traballadores fixos, como xa se ten confirmado reiteradamente tanto pola Doutrina científica como pola xurisprudencia.

Esta situación de exclusión do Colectivo B das achegas da Deputación, como promotora, non superan as esixencias do principio de igualdade de trato que promove a Directiva, xa que resulta de moi difícil xustificación establecer que a mera temporalidade na relación de servizo ampare de xeito obxectivo que esta diferenza sexa por unha necesidade obxectiva da Entidade provincial, máxime si temos en conta que para a realización das achegas do promotor ao plan, no caso do Colectivo B, vai ser orientado polo principio de “prorrata temporis”, é dicir, só se farían achegas mentres se manteña a relación de servizo.

En consecuencia, parece razoable adoptar as medidas necesarias para corrixir esta anomalía que se opón ás previsións contrarias a calquera discriminación que se proclaman tanto na normativa interna como na normativa comunitaria, establecendo unha modificación puntual das Especificacións do Plan que mitiguen e eliminen calquera sombra de discriminación e diferenciación inxustificada entre persoal permanente e persoal temporal da Entidade.

Por outra parte, como consecuencia de que as achegas aos Plans de Pensións de Emprego que realicen as Administracións Públicas en beneficio dos seus empregados teñen a consideración de retribución diferida, segundo doutrina consolidada a través da xurisprudencia do Tribunal Supremo, non é posible que estas teñan un incremento superior ao que se determine cada ano, nos Orzamentos Xerais do Estado ou norma que o substitúa nesta materia, en materia de retribucións dos empregados públicos, nin manter nas achegas do promotor un incremento constante do 5%, tal e como se consigna no apartado 6 do artigo 21 das referidas especificacións do Plan de Pensións, pese a que a dita previsión está matizada na propia redacción do artigo, sen que esta limitación afecte ao aumento das achegas obrigatorias dos partícipes que si poden manter ese crecemento do 5% anual.

Por tanto, tamén resulta acaído modificar a redacción do referido apartado a fin de axustalo á realidade de incremento posible das ditas achegas.

II. PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ARTIGO 21. 6 DAS ESPECIFICACIÓNS DO PLAN DE PENSIONES DE EMPREGADOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	39/69



1.- Coa finalidade de actualizar o contido do artigo 21.6 das especificacións do Plan de Pensións, proponse deixar sen efecto a súa actual redacción que sinala:

“6.- As achegas do promotor serán:

O promotor contribuirá ao Plan de Pensións con 15 euros mensuais por partícipe pertencente ó colectivo A, a partir do mes seguinte á alta do partícipe no citado colectivo do plan de pensións, revisables anualmente conforme a un incremento acumulativo do 5%.

O cumprimento do anterior compromiso de achega por parte do Promotor queda supeditado á existencia e dispoñibilidade da partida orzamentaria correspondente dentro do Orzamento de cada exercicio.

De non ser así, sería preciso adecuar a contribución do Promotor á contía dispoñible no Orzamento do exercicio, para o cal o Promotor estaría obrigado a comunicar á Comisión de Control dito extremo para que procedese, no prazo máximo dun mes, á modificación das presentes especificacións.

O promotor non efectuará achegas a aqueles partícipes do colectivo A que se encontren en situación de suspenso por deixar de realizar as achegas individuais obrigatorias ou por encontrarse nunha das situacións administrativas determinadas no artigo 7 das presentes especificacións, nin a aqueles que decidiran non adherirse ao Plan de Pensións, nin aos partícipes do colectivo B do Plan.”

2.- A nova redacción do Artigo 21.6 das especificacións do Plan de Pensións de Emprego sería a seguinte:

“6.- As achegas do promotor serán:

a) Achegas mensuais obrigatorias.

O Promotor contribuirá ao Plan de Pensións cunha achega mensual por cada partícipe do Plan, a partir do mes seguinte á alta do partícipe no citado colectivo do plan de pensións, por un importe equivalente ao 50% da Achega Periódica Obrigatoria que realice cada partícipe a través da nómina mensual, nas condicións sinaladas no apartado 1 deste artigo 21 das especificacións do Plan.

O cumprimento deste compromiso de achegas, por parte do Promotor, que teñen a condición de retribución diferida, queda supeditado ao cumprimento das condicións e limitacións que se establezan na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para cada exercicio ou norma que a substitúa en materia de retribucións do persoal ao servizo das Administracións Públicas; e

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	40/69





respetará os límites de achegas aos Plans de Pensións de Emprego recollidos na Lei de Regulación dos Plans e Fondos de Pensións, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2002, de 29 de novembro, nos termos recollidos na modificación introducida na citada norma legal pola Disposición Final 9ª da Lei 22/2021, de 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022 e outras normas que se diten de fomento da previsión social complementaria do sistema público de Seguridade Social.

O Promotor comprométese a incluír en cada Orzamento anual dunha partida a este fin, que se verá incrementada anualmente na porcentaxe que se estableza como incremento das retribucións na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para cada ano, ou norma que a este efecto a substitúa; incremento para aplicar á achega mensual do promotor referida anteriormente.

O promotor non realizará achegas a aqueles partícipes do Plan que se encontren en situación de suspensión por deixar de realizar as achegas obrigatorias ou por estar nalgunha das situacións administrativas especificadas no artigo 7 das presentes especificacións, nin a aqueles que teñan decidido non adherirse ao Plan de Pensións.

Especificamente, para o persoal do colectivo B, definido no artigo 6 destas especificacións, as achegas do promotor serán efectivas unha vez o partícipe cumpra os requisitos de antigüidade para a súa integración no Plan (2 anos).

b) Achegas extraordinarias.

O Promotor realizará unha achega especial de 2.600 € ao Plan de Pensións de Emprego, que se fará efectiva con anterioridade á data na que cada empregado/a provincial vaia a alcanzar a idade de xubilación, sexa por idade, baixo calquera das modalidades previstas no Réxime Xeral de Seguridade Social; ou sexa por invalidez, conforme ao establecido na lexislación de emprego público que resulte de aplicación.

A dita achega especial e que será realizada por unha soa vez está condicionada ao cumprimento das limitacións que, en termos de homoxeneidade, se sinalen para cada exercicio económico pola Lei de Orzamentos Xerais do Estado ou norma que a este efecto a substitúa; e respetará os límites de achegas aos Plans de Pensións de Emprego recollidos na Lei de Regulación dos Plans e Fondos de Pensións, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2002, de 29 de novembro, nos termos recollidos na modificación introducida na citada norma legal pola Disposición Final 9ª da Lei 22/2021, de 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022 e outras normas que se diten de fomento da previsión social complementaria do sistema público de Seguridade Social.

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	41/69



Para que se faga efectiva a dita achega, deberanse cumprir as seguintes condicións:

- a) O/A empregado/a provincial deberá estar incluído/a como partícipe no Plan de Pensións de Emprego, promovido pola Deputación Provincial de Lugo, con anterioridade á data na que se produza a súa xubilación, sexa cal sexa a continxencia pola que se produza.*
- b) Non ter recibido sanción disciplinaria firme como empregado público provincial, nos últimos 5 anos.*
- c) No caso de tramitarse solicitude de xubilación anticipada por idade ou no caso de invalidez, deberase notificar cunha antelación de 3 meses a dita circunstancia para que a achega se poida realizar no prazo xeral sinalado e posibilitar que a achega teña efectividade para todas as continxencias cubertas polo Plan de Pensións. O suposto de incumprimento deste preaviso comportará que as continxencias cubertas pola achega, dentro do Plan de Pensións, limitaranse ás derivadas de falecemento ou dependencia.”*

3º.- Entrada en vigor

- a) Este Acordo terá plena efectividade unha vez sexa ratificado polos órganos competentes, en uso das atribucións que lle confiren a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo e conforme ás previsións recollidas no artigo 38.3 do Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto Básico do empregado Público.
- b) Unha vez sexa ratificado, promoverase diante da Comisión de Control do Plan de Pensións de Emprego a modificación das especificacións (regulamento de funcionamento) do Plan a través dos mecanismos previstos neste”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. Xosé Mª Teixido Núñez, D. José Pardo Lombao e D. José Angel Santos Sánchez, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva-la ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	42/69





Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20221129&punto=5>

COMISIÓNS INFORMATIVAS DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, E DE ASUNTOS DO PLENO

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DO PROXECTO DE ORZAMENTO DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA O ANO 2023, E DOCUMENTACIÓN QUE SE ACOMPAÑA.

Logo de ver o ditame das Comisións Informativas de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, e de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“A Proposta de Acordo sometida a votación é a seguinte:

“PROPOSTA DO PRESIDENTE

APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL PARA O 2023

- 1.** *O proxecto de Orzamento Xeral da propia entidade ascende a 107.259.219,91 €.
Aumenta en 10.412.633,65 € respecto de 2022, o que representa o 10,75 %.*

O ámbito subxectivo a efecto de delimitar o perímetro de consolidación de tódolos entes dependentes da Deputación clasificados como “Administración Pública” pola IGAE, co fin de avaliar o cumprimento dos obxectivos de estabilidade, débeda pública, e regra de gasto que establece a Lei orgánica de estabilidade orzamentaria (LOE), é preciso engadir o Consorcio Provincial de extinción de incendios, co seguinte detalle:

- A propia entidade:	107.259.219,91€
- Consorcio Provincial de extinción de incendios:	5.650.023,59 €
- Consolidación dos 2 entes (LOE)	110.614.887,32€

Aumenta en 10.449.287,83 € respecto de 2022, o que representa o 10,43 %.

Os estados de ingresos e gastos por capítulos preséntanse segundo o seguinte resumo:

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	43/69



ORZAMENTO DEPUTACIÓN	Consortio Bombeiros	TRANSFER. OP. INTERNAS	TOTAL CONSOLIDADO
-------------------------	------------------------	---------------------------	----------------------

I N G R E S O S				
Op. non financeiras (1-7)	106.411.550,04 €	5.650.023,59 €	2.294.356,18 €	109.767.217,45 €
1. IMPOSTOS DIRECTOS	6.861.598,48 €	- €		6.861.598,48 €
2. IMPOSTOS INDIRECTOS	5.599.458,77 €	- €		5.599.458,77 €
3. TAX., PREC. PÚB. E OUTROS INGR.	5.202.230,55 €	1.061.311,23 €		6.263.541,78 €
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	87.826.231,37 €	4.588.712,36 €	2.294.356,18 €	90.120.587,55 €
5. INGRESOS PATRIMONIAIS	154.000,00 €	- €		154.000,00 €
6. ALLEAMENTO DE INVEST. REAIS	300.000,00 €	- €		300.000,00 €
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	468.030,87 €	- €	- €	468.030,87 €
Op. financeiras (8-9)	847.669,87 €	- €	- €	847.669,87 €
8. ACTIVOS FINANCEIROS	847.669,87 €			847.669,87 €
9. PASIVOS FINANCEIROS	- €			- €
TOTAL	107.259.219,91 €	5.650.023,59 €	2.294.356,18 €	110.614.887,32 €

G A S T O S				
Op. non financeiras (1-7)	105.345.755,58 €	5.650.023,59 €	2.294.356,18 €	108.701.422,99 €
1. GASTOS DE PERSOAL	30.730.226,73 €	4.516.856,68 €		35.247.083,41 €
2. GASTOS CORR. EN BENS E SERV.	30.717.281,22 €	986.929,00 €		31.704.210,22 €
3. GASTOS FINANCEIROS	523.050,00 €	100,00 €		523.150,00 €
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	17.532.062,82 €	- €	2.294.356,18 €	15.237.706,64 €
5. FONDO CONT. E OUT. IMPREV.	1.548.396,39 €	89.137,14 €		1.637.533,53 €
6. INVESTIMENTOS REAIS	11.378.616,55 €	57.000,77 €		11.435.617,32 €
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	12.916.121,87 €	- €	- €	12.916.121,87 €
Op. financeiras (8-9)	1.913.464,33 €	- €	- €	1.913.464,33 €
8. ACTIVOS FINANCEIROS	300.000,00 €	- €		300.000,00 €
9. PASIVOS FINANCEIROS	1.613.464,33 €	- €		1.613.464,33 €
TOTAL	107.259.219,91 €	5.650.023,59 €	2.294.356,18 €	110.614.887,32 €

O límite de gasto non financeiro ascende a 109.767.217,45 €, atendendo a criterios orzamentarios e non de contabilidade nacional.

A masa salarial consolidada do persoal laboral incluída no orzamento 2023, formada por todas as retribucións salariais e extrasalariais e os gastos de acción social, no seu caso, e sen aumento

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	44/69





retributivo para 2023, resulta una masa salarial laboral consolidada en 2023 ascendente a 7.169.337,72 €, co seguinte detalle:

Deputación: 4.065.110,04 €

Consortio de extinción de Incendios: 3.104.227,68 €

Ditas retribucións adecuaranse ao disposto na Lei de orzamentos xerais do Estado para 2023, consignando a tal fin a previsión do 3,5% das retribucións no fondo de continxencia.

Orzamento Xeral únense como anexos:

- Plan Orzamentario a medio prazo (2023-2025).
- Anexo de Investimentos ou Plan de Investimentos da propia Entidade.
- O Estado de previsión dos movementos e situación da débeda.
- Como documentación complementaria achégase o Orzamento do Consorcio Provincial de Lugo para prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.
- Informe de avaliación de estabilidade, límite de gasto non financeiro e débeda pública.

2. O Orzamento da propia Entidade en 2022 estaba cifrado en 96.846.556,26 €, o presente aumenta en 10.412.663,65 €, o equivalente 10,75 %, e distingue entre ingresos e gastos por operacións non financeiras e financeiras, co seguinte detalle:

INGRESOS	
Op. non financeiras (1-7)	106.411.550,04 €
Oper. Corr. (1-5)	105.643.519,17 €
Oper. Cap. (6 -7)	768.030,87 €
Op. financeiras (8-9)	847.669,87 €
8. ACTIVOS FINANCEIROS	847.669,87 €
9. PASIVOS FINANCEIROS	- €
TOTAL INGRESOS	107.259.219,91 €
GASTOS	
Op. non financeiras (1-7)	105.345.755,58 €
Oper. Corr. (1-5)	81.051.017,16 €
Oper. Cap. (6 -7)	24.294.738,42 €
Op. financeiras (8-9)	1.913.464,33 €
8. ACTIVOS FINANCEIROS	300.000,00 €
9. PASIVOS FINANCEIROS	1.613.464,33 €
TOTAL GASTOS	107.259.219,91 €

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	45/69



Os Capítulos de Investimentos e de Transferencias de capital ascenden a 24.294.738,42 €, aumenta en 5.260.098,79 € respecto ao 2022, equivalente ao 22,65 % do orzamento, e se financian do seguinte xeito:

-Transferencias de capital:	468.030,87 €
-Alleamento de investimentos reais	300.000,00 €
-Recursos ordinarios:	23.526.707,55 €
-Operación de crédito a l/p:	0,00 €

Os Capítulos 6 e 7 son obxecto de aumento pola incorporación de remanentes, e por outras modificacións orzamentarias ao longo do exercicio.

Ao Orzamento da propia Entidade únese como documentación complementaria:

- Memoria.
- Liquidación do Orzamento de 2021, resumida por capítulos, así como do resultado orzamentario.
- Liquidación do Orzamento de 2022 referida a seis meses do exercicio, resumida por capítulos, así como do resultado orzamentario sen axustar.
- Estimación da Liquidación do orzamento de 2022 referida ao 31 de decembro.
- Anexo de persoal, e masa salarial laboral.
- Anexo ou Plan de investimentos que se prevé realizar no exercicio, debidamente codificado, e o seu financiamento.
- Anexo de beneficios fiscais en tributos locais.
- Anexo de información sobre convenios subscritos coa CCAA, en materia de gasto social.
- Informe económico-financeiro.

3. Inclúense as Bases de Execución que conteñen a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria e fiscalizadora á organización e circunstancias da Deputación, sendo de aplicación ao Consorcio en función da súa maior ou menor identidade orgánica ou funcional.

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	46/69





Polo que vai dito, o presente Orzamento Xeral informado pola Interventora, e tendo en conta que na súa formación deuse cumprimento ás disposicións da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (art. 112), do Rdl 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (art. 162 e seguintes), e Rd 500/90, do 21 de abril, proponse ao Pleno desta Deputación a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aprobación do Orzamento Xeral para o exercicio 2023 que ascende a 107.259.219,91 €, cos estados de gastos e ingresos, segundo resumo anterior, e coa documentación anexa e complementaria á cal se fai referencia e que se une ao expediente.

2º.- Aprobación do Cadro de Persoal da Deputación, tanto de funcionarios como de persoal laboral, segundo figura no expediente confeccionado ao efecto polo Servizo de Persoal.

3º.- Aprobación das Bases de Execución do Orzamento Xeral.

4º.- Aprobación do límite de gasto non financeiro para 2023 ascendente a 109.767.217,45 €, e a masa salarial consolidada do persoal laboral que ascende a 7.169.337,72 €

5º.- Dación de conta do Plan Orzamentario a medio prazo (2023-2025).

6º.- Dación de conta do Plan de Inversión e Financiamento do 2023.

7º.- Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no BOP, todo iso aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado se durante o citado período non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas

Toma a palabra o representante do Bloque Nacionalista Galego, D. Efrén Castro Caloto, para indicar que sobre o documento inicial aportado hai unha serie de correccións na relación de

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	47/69	

Subvencións Nominativas. A Interventora Xeral indica que se lle acaba de aportar a relación dos cambios, e os enumera:

-Medio Rural -engadir con cargo a partida 4190.48900:

Asociación Cultural Festas San Rosendo

Festa de San Rosendo 2023

4.000,00 €.

-Cultura -modificación de cantidade:

Asoc. CULTURAL LUGO PATRIMONIO

Gastos de funcionamento e Actividades

8.000,00 €

3340.48900

-Cultura -modificación de cantidade:

Asoc. cultural Castiñeiro Milenario

FESTIVAL 27373

5.000,00 €

3340.48900

-Deportes -modificación de actividade e cantidade:

Asociación Carreiras Obstáculos OCRA Norte

Actividades e eventos 2023

12.000,00 €

3410.48900

-Deportes -nova nominativa:

Asociación Española contra el Cáncer

Lugo marcha contra o cancro

6.000,00 €

3410.48900

-Deportes -modificación de nome e de actividade:

Club Deportivo Promove Lugo

Galas Premios Líder ao Fútbol Base Lucense e ao Baloncesto Base Lucense

30.000,00 €

3410.48900

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	48/69





Comenta a Interventora que estes cambios, segundo o indicado polo representante do BNG, no caso de incrementos no importe ou de novas subvencións, non supoñen ningún cambio no total do crédito das aplicacións orzamentarias afectadas.

A Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda, e Especial de Contas, e Comisión de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos Sres. Deputados, D. Xosé M^a Teixido Núñez, D. José Pardo Lombao, D. José Angel Santos Sánchez, D^a. Dolores Castro Ochoa, D. José Jesús Novo Martínez e D. Pablo José Taboada Camoira representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e propoñer ao Pleno a súa aprobación.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 23; votos a favor, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra 11 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20221129&punto=6>

--00000--

7.- PROPOSTA DE GOBERNO PARA RECLAMAR Á XUNTA DE GALICIA QUE MODIFIQUE OS ORZAMENTOS DO 2023 PARA SOLUCIONAR OS INCUMPRIMENTOS HISTÓRICOS COA PROVINCIA DE LUGO.

Logo de ver a proposta de goberno a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“A Deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, e o Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa condición de voceiro do BNG na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente,

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	49/69	

presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Proposta de Goberno para reclamar á Xunta de Galicia que modifique os Orzamentos do 2023 para solucionar os incumprimentos históricos coa provincia de Lugo.

Ó longo da nosa historia recente, as etapas de goberno do Partido Popular, ben ó fronte da Xunta de Galicia, ben no Goberno do Estado, tense caracterizado polo falta de compromiso real ca provincia de Lugo. Especialmente no eido das infraestruturas e dos servizos públicos, a xestión dos gobernos conservadores fíxose sempre de costas a Lugo e ás necesidades dos lucenses.

Esta apreciación non é unha opinión subxectiva, realizada dende posturas políticas diferentes, senón que ten sido referendada por institucións independentes como o Tribunal de Cuentas, que ten sinalado a parálise das obras do AVE galego entre 2014 e 2017, sendo ministra Ana Pastor. Unhas obras que xeraron atraso e mesmo a anulación de contratos que provocaron demandas por valor de 80M€ por parte das construtoras que participaban nas obras.

Dun xeito semellante, os sucesivos gobernos populares da Xunta de Galicia levan máis dunha década ignorando os grandes proxectos de infraestruturas que precisa a provincia para impulsar o seu desenvolvemento. Unha situación que non podemos contemplar como normal e que é preciso resolver para poder afrontar os retos do futuro dende unha situación competitiva cos territorios da nosa contorna.

Ano tras ano, proxectos fundamentais como a Ronda Leste, o Porto Seco de Monforte, as obras de desdoblamento do Corredor de Nodela ou o Plan Paradai reciben partidas orzamentarias que non se traducen en obras reais. Nalgún caso podemos falar de partidas fantasma, porque se aparecen de xeito reiterado, cas mesmas cantidades, ano tras ano, pero nunca chegan a gañar realidade física en proxectos concretos, inicios de obras ou transformación da realidade.

Noutros casos, as partidas resultan vergoñentas, como os menos dos 200.000 € consignados pola Xunta para a Estación Intermodal. Que contrastan cos 15M€ que o Goberno do Estado vai adicar a esa infraestrutura.

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	50/69





Dende a Deputación de Lugo non deixaremos de reclamar ós gobernos do Estado e de Galicia, as infraestruturas necesarias para o desenvolvemento da provincia. E o faremos con independencia da cor política de que ostente en cada momento o poder executivo. Por iso sometemos para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Proposta de Goberno pola que a Deputación Provincial de Lugo reclama á Xunta de Galicia:

- Que modifique os orzamentos para subsanar os incumprimentos pendentes cas infraestruturas e o reforzo dos servizos públicos da provincia de Lugo.
- Que inclúa tamén nos orzamentos un plan de reindustrialización que faga fronte á perda de emprego industrial, nomeadamente na comarca da Mariña.
- Que habilite medidas de axuda especiais para a flota lucense afectada pola política de peche de caladoiros á pesca de fondos da Unión Europea.
- Que mostre, a través dos orzamentos, o apoio ao sector primario, nomeadamente aos gandeiros e agricultores”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 23; votos a favor, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra 11 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20221129&punto=7>

8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA RECLAMAR Á XUNTA DE GALICIA UN PLAN DE CHOQUE PARA REFORZAR A ATENCIÓN PEDIÁTRICA NA PROVINCIA DE LUGO.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4		Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4		Página	51/69	

“A Deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Moción para reclamar á Xunta de Galicia un plan de choque para reforzar a atención pediátrica na provincia de Lugo

A pesares das reiteradas denuncias dos usuarios, dos colectivos profesionais do persoal sanitario e dos partidos da oposición, a Xunta de Galicia permanece incapaz de desenvolver medidas para mellorar a xestión da sanidade galega, mellorar o servizo que reciben os pacientes e as condicións de traballo nos hospitais e centros de saúde.

A chegada das patoloxías propias do inverno está a xerar un novo colapso nos servizos de atención pediátrica. Esta situación vese agravada por unha falla de profesionais que ten sido denunciada de xeito reiterado neste pleno, sen que a Consellería de Sanidade actuase para remediar a falla de profesionais de pediatría que afecta aproximadamente ó 80% dos municipios da nosa provincia.

Hai apenas un mes, a xerente do Sergas, Estrella López-Pardo Pardo declaraba nos medios de comunicación que os galegos temos que facernos á idea de que non se pode ter un pediatra en cada concello. E viña dicir que para garantir a atención pediátrica o mellor era concentrar ó persoal dispoñible nas vilas de maior tamaño ou nos centros hospitalarios.

Por desgracia, a chegada das gripes e incidencias respiratorias infantís propias do inverno como a bronquiolite, revelaron que o modelo de concentración do Sergas tampouco garante a asistencia ós nenos e nenas da provincia. O pasado día 15, Manolo Veiga, delegado do sindicato de enfermería SATSE denunciaba o colapso dos servizos das urxencias pediátricas no HULA, así como en varios centros de saúde da provincia.

A Xunta fixo caso omiso destas declaracións, mesmo retou importancia ás patoloxías que levaron a hospitalizar a 25 nenos en poucas semanas. Tampouco lle prestou atención á manifestación celebrada o domingo día 20 en Viveiro onde familias e nenos saíron á rúa cargados de peluches e vestindo babeiros con lemas reivindicativos para denunciar a falla de atención pediátrica para os 1.600 menores de Viveiro, O Vicedo o Ourol.

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	52/69





O día 20 de novembro é o Día Mundial da Infancia. Pero parece que para os responsables da Xunta esa data ou ten outras connotacións máis importantes, ou pensan que se pode atender á infancia sen darlle atención médica de calidade. E xunto ca desatención ós nenos e nenas, cumpre lembrar tamén a sobrecarga de traballo dos profesionais.

Dende a Deputación de Lugo non deixaremos de reclamar á Xunta, tantas veces como faga falla, que adopte as medidas necesarias para garantir o acceso ós servizos sanitarios públicos de calidade ó conxunto dos e das lucenses, con independencia do seu lugar de residencia ou da súa idade. E dende logo consideramos fundamental, polo seu impacto na saúde e pola inxerencia social que xera a súa ausencia, garantir unha boa atención pediátrica.

Por todo isto, sometemos para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Proposta de Goberno pola que a Deputación Provincial de Lugo reclama á Xunta de Galicia:

- Un plan de choque para garantir a atención pediátrica pública na provincia de Lugo.
- Que remate ca política de recortes de persoal e adopte as medidas necesarias para repórter ca maior brevidade posible os cadros de persoal nos servizos de medicina de familia, pediatría e persoal sanitario
- Que atenda as reclamacións dos doentes e as organizacións profesionais á hora de deseñar o modelo de atención de urxencias pediátricas, para evitar que a falla de atención nos Centros de Saúde se traduza logo no colapso dos Centros Hospitalarios”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 23; votos a favor, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 11 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20221129&punto=8>

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	53/69	

9.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG PARA RECLAMAR UNHA SAÍDA XUSTA E DIGNA DESTA CRISE.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción para reclamar unha saída xusta e digna desta crise.

Exposición de Motivos:

Diante da escalada de prezos derivada da inflación e que está a provocar un empobrecemento do pobo galego sen precedentes, o Bloque Nacionalista Galego propón a adopción de medidas urxentes e efectivas que eviten que, máis unha vez, pague esta crise quen menos ten. Do mesmo xeito, o deterioro progresivo e planificado que se está a dar en servizos públicos, como acontece no ámbito sanitario ou educativo, está a ter un grande impacto negativo no país; por elo, as medidas a adoptar deben centrarse na xustiza fiscal, o impulso á mocidade e ás PEMEs e a intervención no mercado eléctrico e da vivenda, entre outras medidas que teñen por obxectivo dotar a Galiza dunha alternativa á política de austeridade e aos recortes do Goberno do PP.

O BNG non se resigna a aceptar o statu quo actual, se non que queremos transformalo mediante un paquete de medidas que poña o foco nas persoas. Neste sentido, o BNG defende que esta nova crise débea pagar quen máis ten.

Así mesmo, denunciaremos como a desorbitada inflación está a afectar de cheo á economía galega, aos seus traballadores e traballadoras e a sectores como o gandeiro ou o pesqueiro, xa golpeado polo veto á pesca da Unión Europea. Neste contexto de empobrecemento xeneralizado do

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	54/69





pobo galego e de enormes beneficios das grandes eléctricas e grandes fortunas a Xunta debe corrixir a súa ineficacia e parálise.

Débese frear o incremento da factura da enerxía das galegas e dos galegos. Propoñemos a intervención da Xunta no sector eléctrico, coa creación dunha empresa pública de enerxía.

Nun contexto internacional, dende o BNG defendemos que a posición de Galiza debe ser a de promoción da paz e o fin da guerra na Ucraína, poñendo fin á escalada militar mediante o diálogo e o freo á carreira armamentística e á suba en gasto militar recollida nos Orzamentos xerais do Estado.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propoñendo a adopción dos seguintes acordos:

1.- Instar ao Goberno da Xunta de Galiza á restitución da Tarxeta Básica como medida de urxencia para a compra de alimentos e produtos básicos para as persoas en risco de exclusión social.

2.- Instar ao Goberno do Estado e á Xunta de Galiza a incrementar a presión fiscal sobre as grandes empresas e patrimonios e á persecución da fraude fiscal.

3.- Instar ao Goberno do Estado á suspensión dos desafiuzamentos até o 31 de decembro do 2023 (prorrogable) e prohibir por lei o corte dos subministros de luz, auga e gas.

4.- Instar ao Goberno do Estado a promover a paz e o fin da guerra na Ucraína poñendo fin á escalada militar a través do diálogo e a apertura de vías diplomáticas, así como frear o gasto en armamento nos Orzamentos Xerais do Estado.

5.- Instar ao Goberno do Estado e á Xunta de Galiza a incrementar as principais prestacións sociais como as axudas de violencia machista, a RISGA ou o Ingreso Mínimo Vital e incrementar as pensións e os salarios máis baixos até o 60% do soldo medio actual.

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	55/69



6.- Instar ao Goberno do Estado e á Xunta de Galiza para limitar o prezo dos alugueiros e das hipotecas en vivenda habitual para os anos 2023 e 2024, así como para os locais comerciais ao 2% anual.

7.- Instar ao Goberno do Estado e á Xunta de Galiza para controlar os prezos e recortar os beneficios das eléctricas mediante unha intervención pública no sector eléctrico, impulsando unha tarifa eléctrica galega que reduza o custe da electricidade para as empresas e os fogares.

8.- Instar ao Goberno do Estado e á Xunta de Galiza para poñer en marcha axudas para PEMEs, persoas autónomas e cooperativas que protexan o tecido empresarial e produtivo galego, especialmente no sector agro-gandeiro, marítimo-pesqueiro e no comercio de proximidade.

9.- Instar ao Goberno do Estado e á Xunta de Galiza para adoptar medidas transversais con perspectiva de xénero para paliar o impacto sobre as mulleres nesta crise.

10.- Instar ao Goberno do Estado e á Xunta de Galiza para impulsar as medidas necesarias para frear as consecuencias sobre a mocidade, como a revisión á alza das bolsas e convocatorias extraordinarias para protexer ao estudantes máis afectados”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 23; votos a favor, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 11 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20221129&punto=9>

10.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG EN APOIO ÁS DEMANDAS DE MELLORA DA SITUACIÓN DA ATENCIÓN SANITARIA PÚBLICA NA ÁREA DE MONFORTE DE LEMOS.

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	56/69





Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG a que se refire o epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción en apoio ás demandas de mellora da situación da atención sanitaria pública na Área de Monforte de Lemos

Exposición de Motivos:

A Consellería de Sanidade, lonxe de resolver os problemas de persoal e medios que xorden na Área Sanitaria de Monforte continúa afondando na súa cronificación. Os continuos recortes e o desmantelamento dos recursos da Sanidade Pública Galega, especialmente na Atención Primaria, coa finalidade de reducir gasto e favorecer á sanidade privada, impiden darlle solución a esta situación. Nos últimos tempos temos que asistir atónitos a declaracións de responsables do SERGAS pretendendo dar coma normal esta situación e amosando a súa incapacidade de planificar e xestionar a Atención Primaria, poñendo en cuestión a continuidade do sistema público sanitario.

Entre outras cousas, as reducións de persoal, a prioridade pola consulta telefónica por riba da presencial, as dificultades para contactar cos centros e conseguir cita, o peche de consultas, centros e PAC, supresión de pediatras nalgúns centros de atención primaria, etc., impiden o acceso normal á asistencia sanitaria á poboación e crean listas de agarda inaceptables. Ao que se engade que o persoal está sometido a unha situación de presión, inestabilidade e precariedade, incompatibles cunha atención de calidade.

Todo isto amosa a gravidade da situación da Atención Sanitaria, en risco real de desmantelamento e privatización, e a necesidade de tomar medidas con urxencia. Diante do cal, as institucións locais, deben ser axentes activos no proceso de pular por recuperar os recursos e garantir unha accesibilidade digna á asistencia antes de que sexa demasiado tarde.

Para facer fronte a esta situación, o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	57/69	

somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

1.- Apoiar o conxunto de demandas acordadas polo Consello Municipal de Saúde do Concello de Monforte para o seu traslado á Consellería de Sanidade e o Sergas, e que se resumen en:

a) Que se proceda á cobertura inmediata das vacantes existentes nas prazas de médicos de atención primaria do centro de saúde, e nas especialidades médicas de cardioloxía, neuroloxía, dixestivo, rehabilitación e dous cirurxiáns do Hospital de Monforte.

b) Que se proceda á cobertura definitiva das vacantes existentes do persoal de enfermería, evitando proceder a constantes acumulacións de tarefas e contratacións temporais.

c) Que se dote a unidade asistencial de drogodependencias dun médico psiquiatra.

2.- Apoiar as demandas da sociedade civil en defensa da Sanidade Pública no conxunto da zona sur da provincia de Lugo para rematar cos recortes e o desmantelamento dos servizos que se viñan prestando”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 23; votos a favor, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 11 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20221129&punto=10>

11.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR PARA INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN A CONSTITUIR, DENTRO DA ESTRUCTURA DA INSTITUCIÓN, O CONSELLO PROVINCIAL DA VECIÑANZA.

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4		Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4		Página	58/69	

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do Partido Popular para instar ao equipo de goberno da Deputación a constituir, dentro da estrutura da institución, o Consello Provincial da Vecñanza.

Exposición de Motivos:

Fomentar a participación cidadá nos asuntos públicos, mediante órganos creados especificaemnte para dal fin, é unha obriga das institucións, especialmente no contexto da Unión Europea e das recomendacións sobre boas prácticas na gobernanza. Da participación cidadá deben ser reflexo os eixos fundamentais das políticas das institucións públicas, sinaladamente das institucións locais por ser as máis próximas aos cidadáns. De feito, órganos similares operan xa noutras deputacións espeñolas, con presidentes de distinto signo político.

O goberno da Deputación de Lugo non deu mostras ata agora de ter omáis mínimo interese en fomentar a participación dos cidadáns nas políticas da Deputación e na toma de decisión nesta institución. Nese sentido, o Grupo Provincial Popular cre que se debe cambiar este estado de cousas, tanto coa creación dun órgano de participación, no que, xunto aos distintos grupos que conforman a corporación provincial, teñan presenza e voz os representantes das asociación de veciños; como mediante a constitución da Comisión de Reclamacións e Suxestións, prevista no regulamento da institución, pero aínda non constituída.

A participación cidadá, formalizada por medio dun órgano específico dentro do organigrama da Deputación de Lugo, debe ser peza fundamental para desenvolver algunhas das políticas máis necesarias. Entre estas políticas, deben figurar aquelas dirixidas a superar o cada día máis difícil reto demográfico e a fixar poboación no medio rural.

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	59/69



Deste xeito, contribuíriase a garantir de form real e efectiva a transparencia da institución provincial contribuíndo, ademáis, a favorecer a im plicación directa dos veciños na toma de decisións que adopta a Deputación de Lugo. Con eses obxectivos, cómpre que a Deputación de Lugo dote dos órganos e dos recursos necesarios para que a voz dos veciños se escoite con claridade.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular presenta esta moción coa seguinte Proposta de acordo:

O Pleno da Corporación da Deputación de Lugo insta ao goberno provincial a:

1º.- Constituir, no marco da estrutura da Deputación de Lugo, o Consello Provincial da Veciñanza, como órgano de participación cidadá nos asuntos públicos de competencia da institución, no que estean representados os grupos que conforman a corporación provincial e representantes das asociación de veciños da provincia, elixidos no seo do movemento vecinal.

2º.- Redactar e aprobar o Regulamento do Consello Provincial da Veciñanza.

3º.- Constituir a Comisión de Reclamacións e Suxestións, prevista no regulamento orgánico da Deputación, aprobar o Regulamento que regule o seu funcionamento e celebrar as reunións da dita comisión”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 23; votos a favor, 11 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20221129&punto=11>

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	60/69





12.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR PARA SOLICITAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A NON REVISIÓN DOS DELITOS DE SEDICIÓN E DE MALVERSACIÓN.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial Popular para solicitar ao Goberno de España a non revisión dos delitos de sedición e de malversación.

Exposición de Motivos:

Recentemente e no marco da negociación dos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, o Goberno de España volveu a facer pública a súa intención de reformar o delito de sedición, tipificado no artigo 544 do Código penal e que castiga a que, sen estar comprendido no delito de rebelión, álzase pública e tumultuariamente para im pedir, pola forza ou fóra das váis legais, a aplicación das leis. Dita reforma foi adiantada polo executivo en xaneiro de 2020, tres meses despois da condena imposta polo Tribunal Supremo aos líderes do procés, en aplicación do devandito artigo.

O 10 de novembro de 2022, o presidente do Goberno confirmou que presentará unha iniciativa lexislativa para derogar o delito de sedición e substituílo por outro de “desordenes públicos agravados”. As leis de España non poden redactarse na sede de ERC nin pola conveniencia política de Pedro Sánchez. Nin a Constitución nin o Estado de Dereito poden renderse ás necesidades de ningún dirixente político e menos ás daqueles que se levantaron contra a Nación española. En ningún país europeo reformaríase o delito de sedición por parte dos sediciosos.

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	61/69



Con este anuncio, o Goberno de España retoma un perigoso precedente: o de ceder de maneira constante e permanente ás pretensións máis radicais dos seus socios parlamentarios, aínda que con iso nonsó socaven os principios e fundamentos do Estado de Dereito, senón que poñen claramente en cuestión a independencia do poder xudicial, ao volver corrixir as sentenzas do

Con este anuncio, o Goberno de España retoma un perigoso precedente: o de ceder de maneira constante e permanente ás pretensións máis radicais dos seus socios parlamentarios, aínda que con iso non só socaven os principios e fundamentos do Estado de Dereito, senón que poñen claramente en cuestión a independencia do poder xudicial, ao volver corrixir as sentenzas do Tribunal Supremo, e a politización da xustiza, ao admitir que sexan os políticos condenados por sedición quen modifica as penas dos delitos que cometeron.

Dito doutra maneira, de levarse a cabo esta reforma, o Goberno de España estaría a participar activamente no descrédito e no menoscabo de dúas institucións fundamentais do Estado, como son as Cortes Xerais e os tribunais de xustiza, beneficiando política e xudicialmente a quen no seu día trataron de atentar contra a integridade territorial e a orde constitucional de España.

As coudades autónomas, os Concellos e as deputacións deben pronunciarse públicamente se apoian reducir as penas establecidas no delito de sedición ou rexeitan esta modificación. Considérase esencial que desde as comunidades autónomas e os Concellos existe un pronunciamento explícito manifestando o rexeitamento a calquera acción que supoña debilitar ao Estado. Desde estas institucións que forman parte do Estado débese levar a cabo unha defensa sen concesións do principio de que todos somos iguais ante a Lei.

Esta decisión non é digna no contexto da España democrática e por iso consideramos que no PSOE non poden permanecer calados diante desta reforma que debilita o noso sistema constitucional.

Non deixa de ser sorprendente que, ao mesmo tempo que o Executivo se mostra favorable a derogar o delito de sedición, pareza esquecer outras propostas como a anunciada en 2019 para prohibir por lei a celebración de referendos ilegais.

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	62/69	



É necesario resaltar que, segundo os últimos datos demoscópicos coñecidos, menos dun 20% da poboación española apoia ao Executivo na súa decisión de rebaixar as penas polo delito de sedición, incluso un 49% de quen declara apoiar nas urnas ao actual partido no Goberno móstranse contrarios á devandita reforma.

España é unha democracia estable e consolidada, pero non por iso menos necesitada de institucións fortes, que contén non só co respaldo da lei senón tamén co aprecio e a confianza dos cidadáns. Por iso vemos con preocupación a inercia do actual Goberno a transixir coas reclamacións dos seus socios parlamentarios, sexan estas para cesar á secretaria de Estado-Directora do Centro Nacional de Intelixencia, ou para non recorrer diante do Tribunal Constitucional unha lei autonómica de ensino feita a medida para non cumprir cunha sentenza xudicial. O anuncio da reforma do delito de sedición é só unha máis das concesións, pero dada a aritmética parlamentaria, non parece que vaia a ser a última

Diante destas circunstancias, é tempo de solicitar ao Goberno de España e ao seu presidente que exerzan lealmente as funcións que teñen encomendadas, actúen en defensa do Estado e das súas institucións e, polo tanto, que non cedan ás pretensións de quen, amparados na lei, fixeron e fan todo o posible por menoscabala.

O Partido Popular está fortemente comprometido na defensa da Constitución española e da dignidade da Nación e considera que ambas circunstancias esixen entendemento entre as dúas principais forzas políticas de España.

Os intereses xerais de España e dos españois deben prevalecer sempre, mesmo por encima dos intereses particulares do Goberno ou de quen ostente a súa presidencia.

Nestea mesma liña, o Partido Popular mostra o seu total desacordo coa posibilidade de que o Goberno modifique o Código Penal para rebaixar as penas previstas para o delito de malversación, regulado nos artigos 432 a 435.

A Deputación de Lugo debe deixar clara a súa repulsa ante a posibilidade de que o Goberno de España acepte modificar o delito de malversación, indigna dun Estado de Dereito

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	63/69



porque suporía premiar aos golpistas de Cataluña e aos condenados polos ERE. Dende a Deputación, ao igual que dende os demais ámbitos institucionais, é preciso instar ao Goberno de España a com prometerse a non aceptar emendas que abaraten o delito de malversación.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular presenta esta moción coa seguinte Proposta de acordo:

O Pleno da Corporación da Deputación de Lugo insta ao Goberno de España para que, a través do presidente e secretario xeral do PSOE, proceda a:

1.- Retirar de maneira inmediata a iniciativa parlamentaria presentada nas Cortes Xerais e non levar a cabo ningunha modificación do Código penal que supoña derogar o delito de sedición.

2. Cumprir, acatar e respectar a Constitución española aprobada de xeito maioritario polo pobo galego e no conxunto de España, na que non ten cabida a sedición nin os referendos ilegais, e, sobre todo, ratificar o artigo 2 da mesma: “a Constitución fundaméntase na indisoluble unidade da Nación española, patria común e indivisible de todos os españois, e reconece e garante o dereito á autonomía das nacionalidades e rexions que a integran e a solidariedade entre todas elas”.

3.- Renunciar explícitamente a modificar o Código Penal para rebaixar as penas polo delito de malversación”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 23; votos a favor, 11 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20221129&punto=12>

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	64/69





PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

13.- CONTA DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO, RELATIVO Á MODIFICACIÓ/SUBSTITUCIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2022, POLO CONCELLO DE TABOADA.

Para os efectos do previsto nas bases do Plan Único 2022, en relación coa modificación/substitución de investimentos, no que se sinala na base 14 “..Se tendo en conta o anterior, ou outra circunstancia sobrevida, debidamente motivada, xurdira a necesidade de modificar ou substituír un investimento inicialmente incluído por outro, dita modificación/substitución será solicitada polo Concello, achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria....” dase conta ao Pleno do acordo adoptado pola Xunta de Goberno de data 28/10/2022 en relación co escrito presentado pola Alcaldía do Concello de Taboada, solicitando a substitución/modificación dun investimento incluído inicialmente no Plan Único 2022, do que se achega certificación do amentado acordo, sen afectar á achega total que efectúa a Deputación.

O Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20221129&punto=13>

14.- CONTA DOS INFORMES DOS MESES DE XULLO, AGOSTO E SETEMBRO DE 2022, RELATIVOS AO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DO REAL DECRETO 635/2014 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.

Dáse conta dos informes dos meses de xullo, agosto e setembro de 2022, relativos ao cumprimento de prazos do Real Decreto 635/2014 da Deputación Provincial de Lugo e do

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4		Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4		Página	65/69	

Consortio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento. O Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20221129&punto=14>

15.- CONTA DO INFORME DO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2022 RELATIVO AO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DA LEI 15/2010.

O Pleno da Corporación queda enterado do informe do terceiro trimestre de 2022 relativo ao cumprimento de prazos da Lei 15/2010.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20221129&punto=15>

16.- CONTA DA INFORMACIÓN ECONÓMICA DA DEPUTACIÓN DE LUGO A 30 DE SETEMBRO DE 2022.

Dada conta da información económica da Deputación de Lugo a 30 de setembro de 2022, o Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20221129&punto=16>

17.- CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS QUE CONTEMPLA A LEI 2/2012, DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA A 30 DE SETEMBRO DE 2022 E PREVISIÓNS A 31 DE DECEMBRO DE 2022.

O Pleno da Corporación queda enterado do informe de avaliación de cumprimento de obxectivos que contempla a Lei 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira a 30 de setembro de 2022 e previsións a 31 de decembro de 2022.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20221129&punto=17>

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	66/69





18.- CONTA DO INFORME DEFINITIVO SOBRE A AUDITORIA DE SISTEMAS ANUAL DO EXERCICIO 2021 DE VERIFICACIÓN DE CUMPRIMENTO DAS CONDICIÓN DE FUNCIONAMENTO DO REXISTRO CONTABLE DE FRAS.

Dada conta do informe definitivo sobre a auditoría de sistemas anual do exercicio 2021 de verificación de cumprimento das condicións de funcionamento do rexistro contable de facturas.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20221129&punto=18>

19.- CONTA DOS INFORMES DEFINITIVOS DE CONTROL FINANCIERO PACF 2020

O Pleno da Corporación queda enterado dos informes definitivos de control financiero PACF 2022.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20221129&punto=19>

20.- CONTA DAS RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día un ao trinta e un de outubro de dous mil vinte e dous, que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 3697 ao 4132. O Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20221129&punto=20>

21.- COMUNICACIÓN DA PRESIDENCIA.

Non se presentan

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4		Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4		Página	67/69	

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20221129&punto=21>

22.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Por parte do Sr. Presidente manifestase que hai un Rogo presentado no día de hoxe polo Grupo Provincial do Partido Popular, que se tratará a continuación.

R O G O

Presentado polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativo a celebración dos 150 anos de construción da Ponte da Chanca, do seguinte teor:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, trasládalle para o vindeiro Pleno da Excm. Deputación Provincial de Lugo o seguinte Rogo:

O viaduto da Chanca, na capital lucense, popularmente coñecido como a Ponte da Chanca, foi a obra máis espectacular que esixiu a posta en servizo do ferrocarril na provincia de Lugo. Hoxe é un dos elementos máis significativos da paisaxe lucense. As obras comezaron en 1872 e remataron 24 meses despois. Polo tanto, cúmrense 150 anos da construción de tan relevante infraestrutura ferroviaria. En reunión mantida polo portavoz e os viceportavoces do grupo provincial do PP coa Federación Provincial de Asociacións, os directivos desta entidade expuxeron a conveniencia de celebrar como se merece o 150 aniversario da construción da Ponte da Chanca. O GPPP comparte plenamente este obxectivo da federación vecinal e considera que a Deputación, pola súa conta e mediante a implicación doutras administracións, debe promover a celebración de efemérides que lembren a importancia de dita infraestrutura, así como o seu valor arquitectónico e patrimonial. O primeiro tran circulou sobre esta ponte en agosto de 1879, en ruta ca A Pobra de San Xiao e Sarria. Hai que lembrar que a conexión entre Toral de los Vados e Oural non sería aberta ata 1883.

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4	Página	68/69





No blog *Historias del Tren*, do que autor Juanjo Olaizola, destácase: “El viaducto de A Chanca fue proyectado por el ingeniero Ángel García del Hoyo. Su longitud total es de 297,91 metros y alcanza una altura máxima de 29,10 metros. La estructura de sillería se divide en dos estribos y tres pilas-estribo, que enmarcan cuatro grupos de cinco arcos, cada uno de ellos. De este modo, si por cualquier causa fallase alguno de los grupos, los restantes no se verían afectados. Cada arco tiene una luz de 10 metros”. No mesmo blog, tamén se indica: “Las obras de construcción del viaducto de A Chanca se iniciaron en 1872 y concluyeron en 24 meses. Para su ejecución se aprovecharon pizarras y otros materiales del entorno, por lo que se llegó a montar una pequeña vía minera, con un ancho de vía de 700 milímetros para su transporte. El coste final de la obra fue de 2.537.719 reales de la época”.

Entre outras iniciativas posibles para celebrar os 150 anos da Ponte da Chanca, unha quepodería dar ampla difusión a esta singular infraestrutura é a edición dun selo de correos especialmente dedicada a ela. Outras iniciativas poderían ser exposicións, mesas redondas, conferencias, proxeccións, etcétera.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular solicita ao goberno provincial que, dado que se cumpren 150 anos das obras de construción da Ponte da Chanca, promova por conta propia e demande doutros organismos e institucións iniciativas para celebrar tan significativa fecha. Entre outras posibles xestións, a correspondente con Correos para a edición dun selo especial dedicado á citada infraestrutura ferroviaria”.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20221129&punto=22>

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as quince horas do día de referencia, de todo o cal eu, Secretario, certifico.

	IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4		Fecha y Hora	14/12/2022 13:47:14	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BWSHLZ3WPL24LZXVDE3TBJ4		Página	69/69	